



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES ESPÍNEIRA
Espíneira s/n 15930 Boiro
☎ 881 866 630
ies.espineira@edu.xunta.es
www.espinheira.es

PROXECTO EDUCATIVO IES ESPÍNEIRA

Texto aprobado en setembro de 2018 (modificado en setembro de 2019)



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

- 1.1. Responsabilidades e competencias na redacción do proxecto educativo.

2. MARCO LEGISLATIVO OBXECTO DE APLICACIÓN.

- 2.1. Normas xerais.
- 2.2. Profesorado.
- 2.3. Actividade docente. Normativa LOMCE.
- 2.4. Actividade docente. Normativa LOE.
- 2.5. Actividade docente. Normativa Formación Profesional Básica.
- 2.6. Actividade docente. Normativa Formación Profesional.
- 2.7. Consellos escolares.
- 2.8. Equipos directivos.
- 2.9. Lingua galega no ensino.

3. DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

- 3.1. Contextualización e descrición do centro.
 - 3.1.1. Instalacións do centro.
- 3.2. Profesorado.
 - 3.2.1. Dereitos do profesorado.
 - 3.2.2. Deberes do profesorado.
- 3.3. Alumnado.
 - 3.3.1. Dereitos do alumnado.
 - 3.3.2. Deberes do alumnado.
 - 3.3.3. Dereitos e deberes básicos de convivencia escolar.
- 3.4. Familias e titores legais.
 - 3.4.1. Dereitos das familias e titores legais.
 - 3.4.2. Deberes das familias e titores legais.
- 3.5. Persoal de administración e de servizos.
 - 3.5.1. Dereitos do persoal de administración e de servizos.
 - 3.5.2. Deberes do persoal de administración e de servizos.
- 3.6. Características de identidade do centro.
 - 3.6.1. Valores que definen a identidade do centro.
- 3.7. Horario do centro.
- 3.8. Relación co entorno educativo e outras institucións.
 - 3.8.1. Relación coa administración educativa.
 - 3.8.2. Relación cos centros educativos do contorno.
 - 3.8.3. Relación coas empresas.
 - 3.8.4. Relación co Concello de Boiro.
 - 3.8.5. Cesión de instalacións.
- 3.9. Servizo de cafetería.

4. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS.

- 4.1. Obxectivos orientados á dinamización da lingua galega.
- 4.2. Obxectivos no ámbito pedagóxico.
- 4.3. Obxectivos no ámbito institucional.

5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN.



- 5.1. Órganos colexiados.
 - 5.1.1. Equipo Directivo.
 - 5.1.2. Consello Escolar.
 - 5.1.2.1. Comisións mixtas no seo do Consello Escolar.
 - 5.1.3. Claustro do profesorado.
 - 5.1.3.1. Formación do profesorado.
- 5.2. Órganos de coordinación docente.
 - 5.2.1. Departamento de didácticos.
- 5.2.2. Comisión de coordinación pedagóxica.
- 5.2.3. Departamento de Orientación.
 - 5.2.4. Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.
 - 5.2.4.1. Marco normativo das actividades complementarias e extraescolares.
 - 5.2.4.2. Planificación das actividades complementarias e extraescolares.
 - 5.2.4.3. Desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares.
 - 5.2.5. Equipo de dinamización da lingua galega e proxecto lingüístico de centro.
 - 5.2.5.1. Proxecto lingüístico de centro.
 - 5.2.6. Tutorías.
 - 5.2.7. Outras dinamizacións.
- 5.3. Outros órganos funcionais
 - 5.3.1.- Delegados e Xunta de Delegados
 - 5.3.2.- As asociacións de pais e asociación de alumnado.

6. A CONCRECIÓN CURRICULAR DO IES ESPÍNEIRA.

- 6.1. Capacidades a desenvolver na ESO e no bacharelato.
 - 6.1.1. Educación Secundaria Obrigatoria.
 - 6.1.2. Bacharelato.
- 6.2. Contribución á consecución das competencias clave e metodoloxía didáctica.
 - 6.2.1. Liña metodolóxica de referencia.
- 6.3. Oferta educativa do centro.
 - 6.3.1. Oferta educativa de formación profesional.
- 6.4. Criterios xerais sobre a avaliación, titulación e promoción do alumnado.
 - 6.4.1. Criterios de promoción na ESO.
 - 6.4.2. Criterios de titulación na ESO.
 - 6.4.3. Criterios de titulación e promoción no bacharelato.
 - 6.4.4. Criterios de promoción e titulación en FPB
 - 6.4.5. Tipos de avaliación e temporalización.
 - 6.4.5.1. Avaliación das aprendizaxes.
 - 6.4.5.2. Avaliación inicial.
 - 6.4.5.3. Avaliación da práctica docente.
 - 6.4.6. Instrumentos de avaliación.
 - 6.4.7. Reclamación ás cualificacións.
- 6.5. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.
- 6.6. Elementos transversais e educación en valores.
 - 6.6.1. Incorporación da educación en valores.
- 6.7. Liñas xerais de atención á diversidade.
 - 6.7.1. Medidas ordinarias.
 - 6.7.2. Medidas extraordinarias.
- 6.8. Programas educativos.
 - 6.8.1. Biblioteca escolar e lectura.



- 6.8.1.1. Equipo da biblioteca.
- 6.8.1.2. Organización da biblioteca.
- 6.8.1.3. Prioridades de actuación.

6.8.1.4. Proxecto lector.

6.8.2. Tecnoloxías da información e a comunicación.

- 6.8.2.1. Marco normativo.
- 6.8.2.2. Dotación tecnolóxica do centro.
- 6.8.2.3. Prioridades na dinamización das novas tecnoloxías da información e a

comunicación.

6.8.2.4. Potenciación das canles de comunicación.

6.8.3. Promoción de estilos de vida saudable.

- 6.8.3.1. Recreos activos.

6.9. Seccións bilingües.

6.10. Convivencia escolar.

6.11. Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

6.12. Plans específicos para o alumnado con materias pendentes.

6.13 Criterios para a concesión da matrícula de honra.

7. DOCUMENTOS DO CENTRO.

8. REVISIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

- 8.1. Formulario de revisión ou alegacións.
- 8.2. Avaliación do proxecto educativo.

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

1. INTRODUCCIÓN.

O presente proxecto educativo (en adiante PE) ten como finalidade enumerar e definir o conxunto de características que dan identidade ao noso instituto. É o resultado dun proceso de elaboración de carácter global que expresa os enunciados educativos xerais e os aspectos organizativos e de xestión do centro. Pódese definir como un instrumento para a xestión, coherente co contexto escolar, que enumera e define os puntos de identidade do instituto, formula os obxectivos que pretende acadar e concreta as normas e a estrutura organizativa da institución. É, xa que logo, un instrumento que debe procurar a adecuada interrelación entre estas actuacións do profesorado e persoal non docente, os pais e nais, o alumnado, e os recursos persoais, materiais e funcionais dispoñibles no marco deses obxectivos institucionais e sendo o seu obxectivo dotar de coherencia e personalidade propia ao centro e á súa comunidade educativa.

Ao abeiro das recentes modificacións legislativas decidiuse abordar no curso 2017-2018 a renovación deste documento programático para adecualo á realidade cambiante que conformamos as persoas que participamos na vida do IES Espíneira.

Tendo en conta que a educación é unha tarefa de equipo na que intervén toda a comunidade educativa, o principal desafío para a redacción dun novo PE non estriba só na súa execución material, senón no proceso de discusión interna, na reflexión e na participación activa de toda a comunidade escolar.

Dende esta perspectiva, pretendemos que o PE sexa, sobre todo, un compromiso que implica e cohesiona a todos os membros da comunidade educativa na procura duns obxectivos comúns a través dunha negociación que reflecta o pensar da comunidade educativa en aspectos tan importantes como a xestión do IES, a identidade do centro, a formulación de obxectivos, o establecemento de prioridade ou a estrutura organizativa da institución.

O capítulo I do título IV do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES establece, entre outros aspectos, que:

- Os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento (artigo 88).
- O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do instituto de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo claustro e a Xunta de delegados de alumnos (artigo 89).
- O proxecto educativo do instituto será aprobado e avaliado polo Consello Escolar (artigo 89).
- O equipo directivo procurará amosa-lo proxecto educativo do centro de maneira que permita un mellor coñecemento do mesmo cara a orienta-los alumnos e alumnas e os seus pais, e favorecer, deste xeito, unha maior identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa (artigo 89).
- Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas, das características do contorno escolar e das do instituto, o proxecto educativo fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá (artigo 90):
 - A organización xeral do instituto.
 - Os fins e as intencións educativas do instituto de acordo coa identidade propia do centro.
 - Os obxectivos do instituto tendentes a lograr a normalización lingüística.
 - A adecuación ao contexto do instituto dos obxectivos xerais das etapas que se imparten no mesmo e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.
 - O regulamento de réxime interior do instituto.
 - A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servicios.
 - As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
 - As formas de colaboración e intercambio cultural cos servicios sociais e educativos do concello e outras institucións.



- A inspección educativa supervisará o proxecto educativo para comprobar a adecuación o establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan (artigo 91).

O artigo 119 da LOMCE, establece que a participación no funcionamento e o goberno dos centros públicos e privados concertados será a seguinte:

- a. As administracións educativas garantirán a intervención da comunidade educativa no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos a través do consello escolar.
- b. O profesorado participará tamén na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao claustro, aos órganos de coordinación docente e aos equipos de profesores e profesoras que impartan clase no mesmo curso.
- c. Corresponde ás administracións educativas favorecer a participación do alumnado no funcionamento dos centros, a través dos seus delegados de grupo e curso, así como dos seus representantes no consello escolar.
- d. Os pais e os alumnos e alumnas poderán participar tamén no funcionamento dos centros a través das súas asociacións. As administracións educativas favorecerán a información e a formación dirixida a eles.
- e. Os centros terán polo menos os seguintes órganos colexiados, coas funcións que se indican nesta lei:
 - a. Consello escolar.
 - b. Claustro do profesorado.

O artigo 121 da LOMCE, referido ao proxecto educativo establece o seguinte:

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.
2. Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
3. No marco do establecido polas administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que se deberán facer públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.
4. Correspóndelles ás administracións educativas favorecer a coordinación entre os proxectos educativos dos centros de educación primaria e os de educación secundaria obrigatoria con obxecto de que a incorporación dos alumnos á educación secundaria sexa gradual e positiva.
5. Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos cales se consignan as actividades que pais, profesores e alumnos se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.
6. O proxecto educativo dos centros privados concertados, que en todo caso se deberá facer público, será disposto polo respectivo titular e incorporará o carácter propio a que se refire o artigo 115 desta lei.
7. Corresponde ás administracións educativas promover a especialización curricular dos institutos de educación secundaria en función das alternativas establecidas nesta lei orgánica, co fin de que as ditas administracións poidan programar unha oferta educativa axustada ás súas necesidades. Os centros docentes incluírán as singularidades curriculares e de organización e os correspondentes agrupamentos pedagóxicos no seu proxecto educativo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES ESPÍNEIRA
Espíneira s/n 15930 Boiro
☎ 881 866 630
ies.espineira@edu.xunta.es
www.espinheira.es

-
8. O proxecto educativo dos centros docentes con especialización curricular deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro.

1.1. Responsabilidades e competencias na redacción do proxecto educativo.

O **Claustro de profesores**, segundo as seguintes normas, pode tomar decisións con respecto ao proxecto educativo nos seguintes termos:

- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (Artigo 129).
 - a. Formular ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
 - b. Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- Véxase tamén o artigo 47 do decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES.

O **Consello escolar**, con arranxo ás seguintes normas, pode tomar decisións con respecto ao proxecto educativo nos seguintes termos:

- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade (Artigo 127).
 - a. Avaliar os proxectos (proxecto educativo e proxecto de xestión) e as normas (NOF) a que se refire o capítulo II do título V da presente lei orgánica.
- Véxase tamén o artigo 44 do decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES.

O **director do centro**, con arranxo ás seguintes normas, pode tomar decisións con respecto ao proxecto educativo nos seguintes termos:

- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade (Artigo 132).
 - a. Aprobar os proxectos (proxecto educativo e proxecto de xestión) e as normas (NOF) a que se refire o capítulo II do título V da presente lei orgánica.
- Véxase tamén o artigo 20 do decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES.

2. MARCO LEGISLATIVO OBXECTO DE APLICACIÓN.

2.1. Normas xerais.

- R.O.C. Institutos de Educación Secundaria. Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (Decreto 324/1996).
- Orde que regula a organización dos IES. Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES.
- Lei de Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).
- Decreto sobre a autonomía de xestión. Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Decreto para o plurilingüismo. Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.
- Seccións bilingües. Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. (DOG 20/05/2011).
- Seccións plurilingües. Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros na Rede de Centros Plurilingües de Galicia. (DOG 20/05/2011).
- Dereitos e deberes do alumnado. Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado do centros da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Circular 1/1997 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa sobre información aos pais separados ou divorciados dos resultados da avaliación dos seus fillos.
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento dos alumnos de ESO e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de Educación Primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2. Profesorado.

- Real Decreto 1834/2008 de Especialidades na ESO e no Bacharelato.



- Modificación do RD 1834/2008. Real Decreto 665/2015 polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas á docencia na ESO, o Bacharelato, a FP e ás ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado a ás especialidades dos corpos docentes de Secundaria.
- Xornada laboral do profesorado: Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Modificación xornada laboral: Orde de 4 de xuño de 2012 pola que se modifica a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. (DOG 24/07/2007).
- Profesorado Itinerante. Acordo de condicións de traballo do profesorado Itinerante.
- Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.
- Profesorado de relixión. Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a relación laboral do profesorado de relixión e se ditan instrucións relativas á provisión de postos. (DOG 24/07/2007).
- Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

2.3. Actividade docente. Normativa LOMCE.

- Currículo da ESO e do Bacharelato. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 29 de xuño 2015).
- Currículo Básico: Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (modificado polo Real Decreto-lei 5/2016)
- Cambios na implantación da LOMCE. Cambios nas avaliacións xerais de primaria, eliminación do carácter académico das reválidas na ESO e criterios de acceso á titulación na ESO e no Bacharelato. Real Decreto Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Avaliación final da ESO e o Bacharelato. Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30 de xullo). (modificado polo Real Decreto-lei 5/2016)
- Avaliación final do Bacharelato para acceso á universidade para o curso 2016/17. Orde que regula as características, o deseño, o contido da avaliación e as datas da proba para o acceso á universidade.
- Condicións para a obtención dos títulos de Graduado en ESO e de Bacharel. Real Decreto 562/2017 de 2 de xuño. Regulamentación de acordo co Real Decreto 5/2016. Inclúe modificación do RD 1105/2014 no que fai referencia a Educación de Persoas Adultas. Derroga o RD 1631/2006 das ensinanzas mínimas da ESO e o RD 1467/2007 do currículo básico do Bacharelato.
- Implantación do currículo na ESO e o Bacharelato (curso 2015/16). RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29-07-2015).



- Materias de libre configuración autonómica. ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21-07-2015).

2.4. Actividade docente. Normativa LOE.

- Atención á diversidade. Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de ESO.
- Obtención do título de graduado na ESO para maiores de 18 anos. Orde de 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para maiores de 18 anos. (DOG 04/03/2009).
- Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2009 (probas libres para persoas maiores de 18 anos). (DOG 20/02/2012).
- Modificación da Orde de Organización do Bacharelato. Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008. (DOG 26/04/2010).
- Procedemento nas reclamacións das cualificacións de 2º de bacharelato. Orde do 22 de abril de 2010 (DOG 04/05/2010).
- Circular nº 3/2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se desenvolve a Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o curso 2013/2014.
- Obtención do título de bacharel para persoas maiores de 20 anos. ORDE do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG 21/02/2012).

2.5. Actividade docente. Normativa Formación Profesional Básica.

Normativa Galega.

- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galiza e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Normativa Estatal.

- Real Decreto 127/2014, de 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica, aproban catorce títulos profesionais básicos, fixan os seus currículos básicos e modifica o Real Decreto 1850/2009, de 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE 5-3-2014).
- Real Decreto 356/2014, de 16 de maio, polo que se establecen sete títulos de formación profesional básica do catálogo de títulos das ensinanzas de FP (BOE 29-05-2014).
Oferta e normas de acceso e admisión.
- Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regulan o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15 (DOG 26-8-2015).
- Orde do 10 de novembro de 2014 pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regulan o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014-2015 (DOG 18-11-2014).
- Orde do 28 de xaneiro de 2015 pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regulan o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014-2015 (DOG 4/2/2015).
- Orde do 28 de xaneiro de 2015 pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regulan o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15 (DOG 4-2-2015).

- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.(DOG 22-07-2015).
- Implantación da FP Básica. ORDE do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/15 (DOG 13/08/2014).

2.6. Actividade docente. Normativa Formación Profesional.

- Lei Orgánica 5/2002 de 19 de xuño das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Lei Orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentábel, pola que se modifican diversas leis, entre elas a Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.
- Ordenación Xeral da FP. Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.(derroga o anterior RD 1538/2006 de 15 de decembro).
- Desenvolvemento dos ciclos formativos e obtención de títulos. ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de
- Competencias profesionais por experiencia laboral. Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
- Ordenación xeral da FP en Galiza. Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galiza. (DOG 12/07/2010).

2.7. Consellos escolares.

- Decreto de órganos de goberno. Artigos relacionados cos consellos escolares de centro. Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.
- Consellos escolares de centros singulares, de Educación Especial e de Educación de Adultos. Orde de 29 de outubro de 1996.
- Elección de membros dos consellos escolares. Orde de 21 de outubro de 1996 que regula determinados aspectos da elección de membros e das datas de elección.

2.8. Equipos directivos.

- Selección de directores/as. Decreto 29/2007 de selección de directores/as. Decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos. (DOG 12/03/2007).

2.9. Lingua galega no ensino.

- Lei de Normalización lingüística. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (D.O.G.14/07/83).
- Decreto de plurilingüismo. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.(DOG 25/05/2010).
- Exención lingua galega. Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2014, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.


3. DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

3.1. Contextualización e descrición do centro.

O IES Espíneira é un centro público de Boiro que empezou a súa actividade docente en 1990. O concello de Boiro é unha vila eminentemente pesqueira que conta con preto de 19.000 habitantes, sendo un dos concellos galegos con maior crecemento demográfico das últimas décadas. Aínda que a fonte de ingresos máis importante procede da pesca, tamén conta con industrias conserveiras e co auxe do sector turístico, sobre todo, na época estival.



En Boiro existen tres centros de ensino secundario situados no núcleo urbano, e seis colexios de Educación Infantil e Primaria, dous deles no casco urbano e o resto nas parroquias. O IES Espíneira ten como único centro adscrito o CEIP Escarabote, polo tanto, na Educación Secundaria Obrigatoria, unha parte importante dos alumnos son da parroquia de Lampón, aínda que ao longo da etapa se van incorporando alumnos doutros institutos ou colexios. Xa no bacharelato máis da metade dos alumnos desta etapa non estudaron no centro a ESO e veñen normalmente procedentes do IES A Cachada que non imparte esta ensinanza. Por último, na Formación Profesional a práctica totalidade do alumnado non cursou en Espíneira os estudos previos de ESO e Bacharelato pero proceden na súa maioría do concello de Boiro, sendo o resto dos alumnos dos concellos da comarca. En canto á matriculación, nos últimos anos temos arredor de 90 alumnos/as matriculados/as na ESO, 60 no bacharelato, 60 nos ciclos medios, 50 no ciclo superior, 40 na FP Básica. Uns 280 alumnos/as de media, 34 profesores/as e 5 persoas de persoal non docente. Todo isto nunha superficie construída de 5.770 m² dentro dunha parcela de 10.000 m².

Desde hai varios anos o centro non conta con ANPA, aínda así, valoramos positivamente a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as. Na Secundaria Obrigatoria, salvo algúns casos puntuais, as familias acoden ao centro con normalidade para informarse e implicarse no seguimento dos seus estudos. Tamén participan a través dos distintos órganos colexiados na xestión e organización do centro como o Consello Escolar.





3.1.1. Instalacións do centro.



3.2. Profesorado.

O claustro, dependendo da matrícula, está constituído por uns 35-36 profesores cada curso. Como consecuencia dos recortes de persoal levados a cabo pola administración educativa o aspecto máis salientable en relación ao cadro de persoal docente foi a progresiva provisionalización das plantillas ao non cubrir as prazas do profesorado que se xubila, falece ou concursa. Esta situación provoca que o 40% do profesorado do centro sexa interino ou provisional en expectativa de destino o cal non favorece o desenvolvemento de proxectos educativos a medio e longo prazo que esixen da permanencia do profesorado máis alo dun curso escolar.

O incremento das ensinanzas nos últimos (PCPI, FPB, PMAR, ...) anos e a perda de materias troncais e optativas por non teren o número mínimo de alumnos tamén provocou que fora cada vez maior o número de profesores que imparte algunha materia afín.

3.2.1. Dereitos do profesorado.

O artigo 8. *Dereitos e deberes do profesorado* expresado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece que serán dereitos dos profesores:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Este mesmo artigo recoller que serán deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

O IES Espíneira entende que os mencionados dereitos e deberes do profesorado deben garantir:

- Liberdade de cátedra.
- Utilizar o material e as instalacións do Centro, tendo prioridade, á hora de dispor destas, as actividades docentes sobre as complementarias ou extraescolares. O equipo directivo elaborará, no caso de posibles interferencias, unhas normas para o seu correcto uso.



- O centro procurará aportar os medios suficientes para desenvolver o seu labor docente.
- Organizar, colaborar e realizar actividades extraescolares e complementarias (culturais, deportivas,...), sempre de forma voluntaria e dentro das súas posibilidades.
- Motivar e fomentar a asistencia do alumnado ás actividades extraescolares e complementarias.
- Formular ante os membros da comunidade escolar cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estime oportunas, mantendo o respecto aos demais membros da comunidade educativa.
- Participar en actividades e cursos organizados polo centro, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.
- Dar a súa explicación e ser oído en caso de conflito con outros membros da comunidade educativa.
- Que se respecte a súa ideoloxía, sempre que non atente contra a convivencia.
- Participación activa na vida escolar e na organización do centro.
- Asesorar aos seus representantes no Consello Escolar e ser informados puntualmente das resolucións tomadas nas reunións deste Órgano.

3.2.2. Deberes do profesorado.

- Cumprir as normas de funcionamento e de convivencia do centro establecidas neste regulamento.
- Impartir as ensinanzas das materias ao seu cargo.
- Colaborar na mellora da convivencia no Instituto.
- Asistir coa máxima puntualidade posible ás clases, gardas e os actos e reunións ás que fose convocado.
- Asumir as titorías do alumnado, para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos a superar as dificultades que atopen.
- Respetar a integridade física, moral e dignidade persoal dos alumnos e ser obxectivo na súa avaliación.
- Mostrar ao alumnado as probas realizadas por estes unha vez corrixidas e cualificadas, nun prazo razoable e, sempre que sexa posible, antes de cada avaliación.
- Recibir individualmente ao alumnado, nai, pai ou titores legais dos mesmos que o soliciten, previo acordo na hora destinada a tal efecto.
- escoitar ao alumnado nas súas observacións e suxestións.
- Comunicar, facer públicos e ter a disposición dos alumnos os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e cualificación de cada materia.
- Respetar as normas relativas a sancións e correccións establecidas para as faltas do alumnado en contra da convivencia no centro. En ningún caso aplicarán outras que contradigan as establecidas na lexislación vixente e o presente regulamento.
- Controlar diariamente as faltas de asistencia do alumnado a cada unha das súas clases do xeito que se teña acordado e consignalas a través dos mecanismos establecidos pola dirección (aplicación XADE).
- Procurar que ao impartir as súas clases, o alumnado ao seu cargo non dificulte o traballo do resto do profesorado.
- Ler o correo electrónico da Consellería nos períodos lectivos polo menos cada dous días laborables dado que este será a canle de comunicación privilexiada entre a administración, o equipo directivo e o profesorado.

3.3. Alumnado.

O contexto sociocultural que define alumnado do IES Espíneira é o seguinte:

- Poboación rural cun índice de nivel Socio-Económico e Cultural (ISEC) medio-baixo con predominio de alumnado da parroquia de Lampón na ESO, Boiro no bacharelato e da comarca nos ciclos formativos.
- As mulleres dedícanse fundamentalmente ás tarefas domésticas e ao sector conserveiro e os homes a traballos pouco cualificados.



- O nivel cultural das familias responde a unha tipificación medio-baixa, o que dá como resultado que algúns alumnos están moi motivados por mellorar a súa formación, e outros pola contra teñan como única expectativa acceder rapidamente ao mundo laboral para ter independencia económica.

Estas circunstancias determinan unhas prioridades de intervención que se concretan nos seguintes aspectos:

- Necesidade de ofertar unha educación de calidade que chegue tamén ao alumnado máis desfavorecidos/as socialmente. Potenciar a coeducación e traballar no eido da Orientación (académica, persoal e profesional) informándolles sobre a oferta de estudos postobrigatorios e sobre a solicitude e tramitación de becas.
- Tentar fomentar a relación do instituto coas familias a través dos mecanismos de participación educativa e a creacións das ANPA.
- Debido ao escaso nivel de motivación polos estudos e ás baixas expectativas académicas que presentan algúns alumnos, ás veces danse condutas pouco adecuadas ou pouco respectuosas que é necesario corrixir o antes posible.
- O centro tentará potenciar as actividades de carácter grupal, para fomentar nos alumnos as habilidades sociais adecuadas, e os hábitos democráticos de respecto a todos os membros da comunidade educativa e a calquera minoría.
- No intento de mellorar a convivencia escolar e favorecer a cultura do esforzo, o centro poderá acordar a sinatura co alumnado dos **acordos de convivencia e de traballo escolar** para evitar a aplicación de medidas sancionadoras.

3.3.1. Dereitos do alumnado.

Os dereitos e deberes do alumnado quedan establecidos no Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

- a. Os alumnos teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- b. Todos os alumnos teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensino.
- c. Os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
- d. Todos os alumnos teñen dereito a recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
- e. Todos os alumnos teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- f. Os alumnos teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
- g. Todos os alumnos teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
- h. Os alumnos teñen dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros, na actividade escolar e na xestión dos mesmos.
- i. Os alumnos teñen dereito a elixir, mediante sufraxio directo e segredo, aos seus representantes no Consello Escolar e aos delegados de grupo
- j. Os alumnos teñen dereito a asociarse, creando asociacións, federacións e confederacións de alumnos,
- k. Os alumnos teñen dereito á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
- l. Os alumnos teñen dereito a manifestar a súas discrepancias respecto das decisións educativas que lles afecten.
- m. Os alumnos teñen dereito a utilizar as instalacións dos centros coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares.

- n. Os alumnos teñen dereito a percibir as axudas precisas para compensar posibles carencias de tipo familiar, económico e sociocultural, de forma que se promova o seu dereito de acceso aos distintos niveis educativos.

3.3.2. Deberes do alumnado.

- a. O estudo constitúe un deber básico dos alumnos e concrétese nas seguintes obrigacións:
1. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
 2. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
 3. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
 4. Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- a. Os alumnos deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- b. Constitúe un deber dos alumnos a non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- c. Os alumnos deben respectar o proxecto educativo ou o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.
- d. Os alumnos deben coidar e utilizar correctamente os bens móbiles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- e. Os alumnos teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro.

3.3.3. Dereitos e deberes básicos de convivencia escolar para o alumnado.

Máis recentemente, o artigo 7. *Dereitos e deberes do alumnado* expresado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa recoñece ao alumnado os seguintes **dereitos básicos de convivencia escolar**, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Serán **deberes básicos de convivencia** do alumnado:

- a. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b. Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c. Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d. Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

3.4. Familias e titores legais.

Os dereitos e deberes dos pais e nais e titores quedan establecidos no artigo 6 na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.

3.4.1. Dereitos das familias e titores legais.

- A participar na xestión do centro e na tarefa educativa a través dos seus representantes no centro escolar, das súas asociacións e mediante a súa relación cos titores.
- A coñecer a través da presentación oficial do curso o titor do seu fillo, horario, profesorado, horas de atención a pais, datas das sesión de avaliación.
- A ser informados periodicamente sobre a marcha académica, actitude, comportamento, grao de integración, puntualidade, dos seus fillos.
- As familias poderán canalizar as súas propostas e inxerencias a través dos seus representantes no Consello Escolar e, directamente, polos medios que o centro poña a súa disposición (titores, Departamento de orientación e Dirección).
- A ser puntualmente informados de todos os asuntos que atinxen ao centro e sexan do seu interese.
- A recibir comunicación das faltas de asistencia dos seus fillos cunha periodicidade quincenal.
- A recibir, despois de cada avaliación, información por escrito das cualificacións dos seus fillos.
- A propoñer e colaborar nas actividades extraescolares e complementarias.
- A dispor dun local para as reunión da ANPA.
- Os pais ou as nais separados ou divorciados que non teñan asignadas a garda ou custodia legal dos seus fillos pero si a patria potestade e desexen obter información sobre os resultados da avaliación destes deberán solicitala ao centro educativo, a través de escrito dirixido a Directora, achegando copia fidedigna da sentenza xudicial de divorcio, separación ou nulidade. Esta circunstancia será comunicada ao outro proxenitor quen disporá de 10 días para recorrer (circular nº 1/1997 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa sobre información aos pais separados ou divorciados dos resultados da avaliación dos seus fillos).

3.4.2. Deberes das familias e titores legais.

- A ANPA deberá facilitarlle á Dirección unha copia dos seus estatutos.
- Deberán facilitar a información que consideren relevante sobre os seus fillos. Esta terá carácter confidencial.
- Comunicar as faltas de asistencia dos seus fillos e xustificalas debidamente.
- Acudir ao centro cando sexan requiridos por asuntos que afecten individual ou colectivamente aos seus fillos.
- Proporcionar os seus fillos o material imprescindible para o traballo escolar e, no caso de imposibilidade, comunicar esta circunstancia ao titor.

3.5. Persoal de administración e de servizos.

O artigo 9. *Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos* expresado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece que os seguintes dereitos e deberes.

3.5.1. Dereitos do persoal de administración e de servizos.

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

3.5.2. Deberes do persoal de administración e de servizos.

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

3.6. Características de identidade do centro.

- IES Espíneira é un centro aconfesional, respectuoso e tolerante con todas as crenzas relixiosas e as súas formas de expresión e coa pluralidade ideolóxica ou política dos membros da comunidade educativa, dentro do marco da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- O centro protexe o dereito ao honor e á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como o dereito de todos os membros da comunidade educativa a recibir un trato igual, sen que poidan establecerse diferenzas por razón de sexo.
- Neste centro procurarase que o alumno aprenda significativamente, dentro do contexto do coñecemento e respecto do seu medio natural e cultural. Por iso, fomentaremos unha metodoloxía activa, no sentido de que o alumnado poida ter unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se converterá na base da súa formación e da adquisición de aprendizaxes. Deste xeito adoptaranse sistemas activos, que impliquen a participación efectiva do alumnado no propio proceso de aprendizaxe. Tamén se deberá admitir e ter en conta na práctica educativa a diversidade de ritmos evolutivos e de capacidades intelectuais.
- O centro promove a superación de estereotipos que tendan á diferenciación de papeis entre o home e a muller, etnia, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social. En particular, non se admitirán entre alumnos e alumnas, nin no resto dos membros da comunidade educativa, as desigualdades sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou cunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- O centro respecta as distintas linguas e potencia o galego, como lingua propia de Galicia. Co obxectivo de contribuír á plena dinamización lingüística do galego, procura que esta sexa cada vez máis a lingua ambiental e de ensino no ámbito escolar. Estimula, ademais, o dominio doutras linguas (inglés, francés, ...) para facilitar a inserción laboral e cultural do alumnado no actual mundo globalizado. Todo isto sen menoscabo da legalidade vixente (véxase artigo 4 do Decreto 79/2010 do 20 de maio).
- O centro promove o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) potenciando as iniciativas destinadas a mellorar o uso das TIC por parte do profesorado e alumnado, co obxectivo de facilitar unha formación sólida ao alumnado, que lle permita facer fronte aos retos da actualidade.
- O centro impulsa estratexias activas destinadas, á adquisición polo alumnado, das capacidades de aprendizaxe necesarias para unha formación continua, que rebasen a vida académica.
- O centro promove, con carácter plurianual, o hábito de lectura no alumnado a través do Proxecto Lector e programa e desenvolve cada curso o Plan Anual de Lectura que recolle as iniciativas do equipo directivo, equipo da biblioteca e departamentos didácticos.

- O centro fomenta así mesmo, a educación e a Cultura da paz, e promove estratexias de prevención e resolución pacífica de conflitos.
- O centro defenderá a liberdade de cátedra, entendendo por tal, o dereito dos profesores a expoñer, sen adoutrinar, a súa visión da materia, e o seu deber de respectar opinións diferentes ás súas.

3.6.1. Valores que definen a identidade do centro.

Os valores fundamentais que sustentan o noso proxecto educativo son:

1. Responsabilidade persoal, que supón afrontar as consecuencias derivadas das accións, obrigacións ou comportamentos libremente elixidos con actitude crítica.
2. Respecto ás persoas e ao medio, que significa facilitar a práctica dos dereitos individuais e colectivos de toda a comunidade educativa, respectando as distintas opinións, intereses, tendencias, crenzas e diversidade; así como contribuír a conservar e mellorar o contorno, tanto escolar como extraescolar.
3. Solidariedade, que corresponde a acción de compartir intereses e necesidades das persoas e grupos humanos, compensando inxustizas e fomentando o sentido da xustiza.

3.7. Horario do centro.

O centro estará aberto entre as 8:30 e as 14:25 no horario de mañá e entre as 16:05 e as 18:50 horas no horario de tarde (martes e xoves). Pola mañá as clases comezarán as 8:45 e rematarán as 14:10. Pola tarde comezarán as 16:20 e finalizarán as 18:50.

O horario de atención ao público será de 8:45 a 14:15 horas. A Dirección poderá modificar este horario en función das necesidades do servizo (períodos de admisión e matrícula, inicio e fin de curso, avaliacións, ...).

O persoal de administración ten ao seu cargo as oficinas e a xestión burocrática do centro. O horario de atención ao público da secretaría é de 9:00 a 14:00.

O centro conta cunha conserxe e tres persoas conforman o persoal de limpeza do centro.

3.8. Relación co entorno educativo e outras institucións.

Sentímonos especialmente vinculados coa realidade do entorno, identificámonos cun ensino que asume a realidade histórica, cultural e xeográfica da que formamos parte, polo que toda actividade que sirva para potenciar ou desenvolver un maior coñecemento do medio parécenos de interese e contará con todas as facilidades posibles. Dende esta perspectiva, o centro está aberto a cantas iniciativas de relación e participación externa supoñan un beneficio para os membros da comunidade educativa, en especial para o alumnado.

Esta no animo de toda a comunidade educativa do IES Espíneira manter, e se é posible, mellorar, as boas relacións do Instituto cos responsables dos diversos entes culturais (Leña verde, Cruz Vermella), cos servizos do Concello de Boiro (biblioteca, medio ambiente, cultura e deportes) e con outras institucións (Asociación de Empresarios de Boiro) que, nos últimos anos se concretaron en:

- a. Docencia e charlas: educación sexual, drogodependencias ou promoción empresarial dentro do horario lectivo.
- b. Subvencións: certas actividades extraescolares son subvencionadas polo Concello de Boiro.
- c. Servizos co concello: procedementos administrativos diversos, actividades culturais,

No intento de continuar coa promoción do centro e da súa oferta educativa, continuaremos con todas aquelas iniciativas que contribúan a aumentar a visibilidade do centro como campañas publicitarias, maior participación nas redes sociais, notas de prensa, ...

3.8.1. Relación coa administración educativa.

Por outra banda, cómpre sinalar a necesidade de mellorarmos as relacións coa administración educativa da Xunta de Galicia xa que deberíamos ser quen de concienciala das deficiencias do noso centro e da necesidade de seguir avanzando na ampliación da oferta educativa do centro, na adscrición de novos centros de Educación Primaria, transmitindo a necesidade dunha oferta educativa normalizada que non pase por converter o instituto nun centro de atención a alumnado con necesidades educativas especiais.

3.8.2. Relación cos centros educativos do contorno.

Outra das accións encamiñadas a aumentar o alumnado matriculado no centro é a mellora das relacións con outros centros educativos e a divulgación da nosa oferta educativa nos propios centros, tanto nos de primaria (para aumentar a matrícula na ESO) coma nos de secundaria (para aumentar a matrícula nos bacharelatos e na formación profesional).

3.8.3. Relación coas empresas.

A relación do centro coas empresas da contorna resulta fundamental, xa que é alí onde o noso alumnado de FP remata a súa formación mediante a colaboración desinteresada das empresas. Neste senso, cómpre que fortalezcamos o vínculo coas empresas que, nos últimos anos, fixeron un gran esforzo para acoller ao alumnado de formación profesional básica e seguen, dende a apertura do IES, a titorizar ao noso alumnado de grao medio e superior.

As actividades extraescolares serán outro dos piares para aumentar o vínculo entre empresa e centro educativo (charlas da asociación de empresarios, visitas á empresas, ...).

3.8.4. Relación co Concello de Boiro.

Para mellorar o servizo que prestamos á comunidade resulta fundamental o traballo a nivel de administración local. Por iso, continuaremos a traballar de forma estreita co servizo de deportes (divulgación de actividades, promoción de campañas, préstamos de instalacións e equipamentos, ...), co departamento de servizos sociais (asistencia familiar, absentismo, atención á diversidade, ...) e co departamento de cultura (teatro, charlas, conmemoracións, financiamento de actividades, ...). Neste senso, a colaboración coa Administración local resulta fundamental para o mantemento dos servizos de transporte urbano que chegan ao centro, xa que melloran a accesibilidade ao centro e facilitan a mobilidade de persoas (paradas, beirarrúas, pasos de peóns, iluminación, ...).

Con respecto á ampliación da oferta educativa do centro (novos ciclos formativos) ou de calquera iniciativa encamiñada á mellora do contorno do centro ou a prestación do servizo educativo (beirarrúas, limpeza, accesibilidade, liñas de transporte, ...) esperamos seguir continuando co apoio de Concello de Boiro.

A colaboración do Concello de Boiro, a través da Policía Local, e da Garda Civil seguen sendo fundamentais na prevención do consumo de drogas, na prevención do absentismo escolar e na vixilancia dos accesos durante a entrada e saída do alumnado.

3.8.5. Cesión de instalacións.

Tendo en conta o carácter público do instituto, todos os recursos do centro estarán a disposición das entidades sociais, culturais, artísticas e deportivas da vila de Boiro, sempre e cando se respecten as normas de coidado e uso das instalacións

Conforme as Normas de Organización e Funcionamento do centro, a cesión de instalacións con carácter continuado a persoas alleas ao centro fóra de horario escolar, deberá ser solicitada en escrito dirixido ao Xefe Territorial de Educación da Coruña. A xefatura territorial, oída a dirección e á vista da documentación aportada (exposición de motivos, identificación dos responsables, tempos de utilización requiridos, número e características dos usuarios, dependencias e recursos necesarios) decidirá a procedencia da cesión. As cesións esporádicas ou puntuais das instalacións serán resoltas pola Dirección.

O director poderá interromper unha cesión cando considere que o interesado non cumpre as condicións ou os fins para os que lle foi concedida a instalación e informará ao Consello Escolar.

A normativa establecida polo IES de Espíneira para a cesión de instalacións deportivas e os formularios correspondentes poden consultarse na páxina web do centro e nas Normas de Organización e Funcionamento.

3.9. Servizo de cafetería.

O centro dispón dun servizo de cafetería que funciona en réxime de concesión. O 80% do alumnado reside no núcleo urbano polo cal non se precisa de comedor agás para o alumnado de formación profesional

que, ocasionalmente, come no centro os martes ou xoves. O espazo destinado a cafetería conta cunha cociña e barra de servizo. A superficie da cafetería é aproximadamente de 200 m².

A adxudicación dos servizos de cafetería farase con arranxo á instrución 7/2017 pola que establecen as condicións para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes da consellería. Queda a criterio da comunidade educativa a facultade de excluír determinados produtos polo seu elevado contido en azucres, sales ou outros compoñentes (aceite de palma, conservantes, ...).

4. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS.

Segundo dispón o artigo 23 da LOMCE, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, de a haber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Segundo dispón o artigo 33 da LOMCE, o bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.



- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, de ser o caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

O IES de Espíneira é un centro que ten como obxectivo primordial a educación na liberdade, no pluralismo e na tolerancia sendo a nosa intención:

- Fomentar o coñecemento dos dereitos humanos para conseguir un centro solidario e integrador, que non estableza diferenzas por razón de sexo, raza, relixión, riqueza, etc. e que busque a máxima integración de todos na sociedade.
- Ofertar todas as medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade que requiren os nosos estudantes, en función do que razoablemente permitan os nosos recursos.
- Orientar a actividade de ensino aprendizaxe á capacitación do alumnado para proseguir estudos superiores ou para asumir as funcións da vida laboral, segundo as súas posibilidades e opcións e potenciando o esforzo persoal.
- Consegir un centro participativo, democrático e pluralista, no que todos poidan intervir na consolidación dun proxecto educativo mediante un diálogo permanente.
- Fomentar as actitudes favorables de respecto ás diferenzas culturais, lingüísticas, étnicas, etc do seu contorno, así como de afirmación da riqueza da diversidade cultural no contexto da sociedade actual.
- Lograr unha escola crítica e comprometida que rexeite a inxustiza, as desigualdades, o deterioro do medio etc., e que fomente o diálogo, a capacidade crítica e a autoestima.
- Consegir un centro activo, que se fundamente na observación, na experimentación e na sistematización das experiencias do alumnado dentro e fora do ámbito escolar, tomando como referente a aprendizaxe significativa como pauta metodolóxica.
- Axudar ao alumnado a que descubra, coñeza, desenvolva e mellore tanto as súas propias calidades como as súas potencialidades físicas, psíquicas, intelectuais, efectivas, éticas e sociais; fomentando a súa creatividade mediante o traballo académico e as actividades extraescolares deportivas e culturais.
- Capacitar ao alumnado para que, responsable e libremente, poida tomar decisións persoais e para que desenvolva e exerza o seu sentido crítico e para asumir responsablemente os seus deberes, inculcarlles que actúen en favor do diálogo, a comprensión, a xustiza, a igualdade e a conservación da natureza.
- Contribuír ao desenvolvemento de hábitos de traballo intelectual e a o recoñecemento do valor que a constancia e o esforzo no traballo teñen na consecución de calquera meta que un se propoña na vida.

- Estimular ao alumnado a aprender a pensar, a pensar e a aprender a aprender. Todo iso, inmerso no seu propio contexto; persoal, familiar, da comunidade educativa á que pertencen e do seu entorno social máis próximo.
- Fomentar que os alumnos sexan capaces de facela súa propia autoavaliación e chegar a conformar esquemas persoais válidos que lles permitan afrontar no futuro situacións análogas.

4.1. Obxectivos orientados á dinamización da lingua galega.

A Carta Europea das linguas rexionais e minoritarias establece as medidas a favor do emprego das linguas rexionais ou minoritarias tanto no ensino (artigo 8) como por parte das autoridades administrativas e servizos públicos (artigo 10).

Do mesmo xeito, o Estatuto de autonomía de Galicia establécese que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, o decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES recolle no artigo 90 o seguinte: o proxecto educativo incluírá (punto C) "os obxectivos do instituto tendentes a lograr a normalización lingüística.

Por conseguinte, e consonte á Lei 3/1983 de Normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e ao decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o centro entende que o idioma galego debe ser potenciado entre a comunidade educativa, sendo preciso reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.

Segundo o artigo 3º da nomeada lei 79/2010, na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentárase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

Así o IES Espíneira considera como obxectivos prioritarios:

- a) Facer da lingua galega a lingua habitual da comunidade educativa.
- b) Socializar o idioma galego entre o alumnado e o profesorado.
- c) Fomentar hábitos lingüísticos orais e escritos favorables ao idioma propio de Galicia.
- d) Implicar neste proceso aos pais e nais do alumnado.

Para lograr estes obxectivos a dirección do centro xunto co equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) elaborará un plan xeral para o uso do idioma e unha programación baseada na interdisciplinariedade e no compromiso compartido de toda a comunidade educativa.

4.2. Obxectivos no ámbito pedagóxico.

1. Procurar que o centro sexa un lugar de traballo grato, onde se favoreza a interrelación, o contraste de actitudes persoais e os valores de respecto e de tolerancia.
2. Potenciar un ensino activo no que se desenvolva a iniciativa individual, a creatividade e a responsabilidade; en definitiva, ensinar "en" e "para" a responsabilidade e a liberdade.
3. Fomentar o espírito e a capacidade de esforzo individual e solidario no traballo.
4. Procurar que o traballo sexa motivador e frutífero a pesar dos moitos inconvenientes que poidan xurdir no camiño.
5. Fomentar o traballo en equipo, que permita o contraste de información e tolerancia nas discrepancias.
6. Educar na diversidade atendendo á capacidade, ritmos de traballo, procedementos ou situacións persoais individuais.
7. Favorecer a inclusión de todos os alumnos. Isto debe implicar non só a inclusión dos que sofren carencias, senón tamén dos máis capaces.
8. Atención e respecto á individualidade, o que leva consigo favorecer a creatividade en todos os ámbitos.
9. Favorecer todos os actos que conduzan á maior comunicación e interrelación da comunidade escolar.
10. Potenciar un réxime de coeducación no que non caiba discriminación.



11. Seleccionar os contidos curriculares que sexan realmente de interese e funcionais para o alumnado, que teñan aplicación na súa vida, procurando inserir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural, facendo que o alumnado sexa o protagonista do proceso.
12. Proporcionar ao alumnado os instrumentos de análise científica e fomentar a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
13. Buscar as técnicas máis apropiadas para favorecer a motivación e a actividade do alumnado, o diálogo e a interdisciplinariedade.
14. Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral, así mesmo, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
15. Impulsar a acción tutorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptación curriculares para aquel alumnado que precise delas.
16. Estimular a expresión crítica como forma de mellorar o ámbito inmediato e mesmo a sociedade.
17. Conectar os proxectos de aula co mundo real e os intereses do alumnado para dotalos de sentido e dun carácter práctico que os faga máis relevantes para eles.
18. Reducir o número de ausencias e retrasos do alumnado para reducir as porcentaxes de absentismo escolar.
19. Priorizar as medidas de mellora de atención educativa nos primeiros cursos da ESO para sentar as bases dun traballo adecuado durante toda a etapa (reunións periódicas coas familias, preavaliacións, comunicación permanente, ...).
20. Fortalecer a relación coas familias establecendo canles de comunicación fluídas e permanentes.
21. Establecer as medidas necesarias para reducir o fracaso escolar na ESO e mellorar os resultados académicos no bacharelato e na ABAU.

4.3. Obxectivos no ámbito institucional.

O IES Espíneira avoga por unha dirección participativa e non meramente xestora. Desde ese presuposto planéase:

1. Fomentar a constitución democrática dos órganos de goberno.
2. Procurar que todos os estamentos participen na xestión e control do centro.
3. Facilitar canles de expresión de todos os membros da comunidade educativa.
4. Procurar que todos os órganos de goberno funcionen con criterios democráticos.
5. Facilitar as canles de relación e bo funcionamento cos estamentos superiores da administración e cos centros de primaria adscritos ao instituto.
6. Favorecer a relación con outras institucións: universidade, empresas, escolas taller, concello, servizos sociais, asociacións veciñais, deportivas e culturais, outros centros, etc.
7. Facilitar a formación permanente do profesorado.
8. Contribuír ao mantemento e coidado da contorna física do centro (xardíns, luces exteriores, cor das paredes, mobiliario, ...) e prestando especial interese ás medidas de seguridade e hixiene e ao Plan de Evacuación e Emerxencias.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN.

5.1. Órganos Colexiados.

5.1.1. Equipo Directivo.

O Equipo Directivo, órgano executivo de goberno dos centros públicos, está integrado polo director/a, a secretario/a, xefe/a de estudos e vicedirector/a. As súas funcións están recollidas fundamentalmente no Real Decreto 324/96 do 2 de xullo (DOG do 9 de agosto) polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e pola Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro) no que se ditan instrucións para o desenvolvemento do citado Decreto, que deben ser lidos tendo en conta as modificacións introducidas pola LOMCE. O Equipo Directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do director e ás funcións específicas legalmente establecidas.

Segundo o artigo 132 da LOMCE son competencias do director:

- a. Exercer a representación do centro, representar a Administración educativa nel e facerlle chegar a esta as propostas, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b. Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro do profesorado e ao consello escolar.
- c. Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.
- d. Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- e. Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- f. Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello escolar no artigo 127 desta lei orgánica. Para tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- g. Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co contorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.
- h. Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- i. Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do consello escolar e do claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.
- j. Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagamentos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo isto de acordo co que establezan as administracións educativas.
- k. Propor á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo, logo de información ao claustro do profesorado e ao consello escolar do centro.
- l. Aprobar os proxectos (proxecto educativo e proxecto de xestión) e as normas (NOF) a que se refire o capítulo II do título V da presente lei orgánica.
- m. Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- n. Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta lei orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- o. Aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- p. Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- q. Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa.

5.1.2. Consello Escolar.

Segundo o artigo 37 do decreto 324 de 1996 (que non entra en contradición co artigo 126 da LOMCE) o Consello Escolar está integrado polos seguintes membros:

- a. O director, que será o seu presidente.
- b. O xefe de estudo.
- c. Un representante do concello.
- d. Sete profesores elixidos polo claustro.
- e. Tres representantes dos pais e nais.
- f. Catro representantes do alumnado.
- g. Un representante do persoal de administración e servizos do centro.
- h. O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto.

As competencias do Consello escolar recóllense fundamentalmente no Artigo 127 da LOE, modificado pola LOMCE:

- a. Avaliar os proxectos (proxecto educativo e proxecto de xestión) e as normas (NOF) a que se refire o capítulo II do título V da presente lei orgánica.
- b. Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- c. Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d. Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente lei orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se for o caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director.
- e. Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta lei orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- f. Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia dos pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.
- g. Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente lei orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- h. Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e emitir informe sobre a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i. Emitir informe sobre as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- k. Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.
- l. Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.

5.1.2.1. Comisións mixtas no seo do Consello Escolar.

Ao amparo do artigo 45 do decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES queda a criterio do equipo directivo a constitución das seguintes comisións agás a económica que é de carácter obrigatorio.

- a. Subcomisión económica.

Integrada polo Director/a, o Secretario/a, un representante do profesorado, un representante das nais e pais e outro do alumnado elixidos por cada un dos sectores respectivos de entre os membros do Consello Escolar.

Entre as súas funcións están colaborar na elaboración da memoria económica do centro, do seu orzamento e na avaliación das súas necesidades, e presentar esta documentación ao Consello Escolar.

b. Subcomisión de Convivencia Escolar.

Para a composición desta subcomisión remítese ao artigo 3.3 do Plan de Convivencia do centro. Entre as súas funcións están as de dinamizar o Plan de Convivencia do centro, elaborar o informe anual da análise da convivencia e coordinar accións conxuntas no ámbito da convivencia. Realización das funcións indicadas na normativa vixente, isto é, a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, o decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

c. Subcomisión de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Co obxecto de dar cumprimento ás funcións do Consello Escolar e autorizar a realización daquelas actividades complementarias e extraescolares que por calquera razón non puidesen ser aprobada neste órgano nas súas reunións periódicas o Consello Escolar acorda nomear unha subcomisión de ACE, constituída polo director/a, un profesor e un PAS, que se encargaría de autorizar as ACE sen necesidade de convocar a todos os membros do Consello, tendo obriga de comunicar as actividades aprobadas ao pleno deste consello.

5.1.3. Claustro do profesorado.

É o órgano propio de participación destes no goberno do centro, e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e no seu caso decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

- Reunirse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre, e sempre que o convoque a súa presidencia ou o solicite, un terzo polo menos dos seus membros. En todo caso reunirse ao inicio e ao remate do curso (artigo 51 do decreto 324/1996).

As competencias do Claustro de profesores recóllense fundamentalmente no Artigo 129 da LOE, modificado pola LOMCE:

- a. Formular ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- b. Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c. Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- d. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e. Elixir os seus representantes no consello escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos por esta lei.
- f. Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- h. Emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- i. Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- j. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- k. Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

5.1.3.1. Formación do profesorado.

En función das necesidades percibidas e o interese do profesorado, o IES Espíneira potenciará a formación do profesorado a través dos distintos mecanismos de formación á nosa disposición, tanto sexa de forma puntual (seminarios permanentes e grupos de traballo) como de forma prolongada (Plan de Formación Permanente do Profesorado).

A través das distintas iniciativas formativas intentarase dar resposta ás necesidades formativas dos docentes derivadas da implantación de determinadas medidas de mellora do sistema educativo e que son necesarias para un desenvolvemento curricular axeitado e conforme á normativa vixente.

Desta maneira, a finalidade dos programas ou iniciativas formativas do centro será a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado, para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado. Tal e como establece a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as liñas prioritarias de actuación serán:

1. Programación, avaliación e metodoloxías que favorecen a adquisición de competencias clave, segundo os novos currículos.
2. Planificación estratéxica das linguas no centro.
3. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
4. Atención á diversidade e cambios metodolóxicos asociados.
5. Convivencia escolar e clima da aula. Relacións coas familias.
6. Mellora das competencias profesionais docentes e actualización científica e didáctica do profesorado.
7. Mellora da xestión dos centros (con especial atención á xestión directiva) e dos procesos de calidade.
8. Programas europeos e internacionais: accións e plans de promoción e desenvolvemento.
9. Biblioteca escolar, alfabetizacións múltiples e aprendizaxe por proxectos.

O plan anual de formación do profesorado levaranse a cabo baixo a supervisión do equipo directivo e o coordinador de formación do centro e a través das canles establecidas polo Centro Autonómico de Formación e Innovación ou o Centro de Formación e Recursos correspondente.

5.2. Órganos de coordinación docente.

5.2.1. Departamento de didácticos.

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias. Os departamentos didácticos estarán compostos por todos os profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ao departamento.

Cando nun departamento se integren profesores e profesoras de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas, materias ou módulos de cada especialidade corresponderalles aos profesores respectivos.

Reuniranse polo menos unha vez ao mes, logo da convocatoria da xefa ou xefe de departamento, segundo o artigo 49 da Orde do 1 de agosto de 1997 para o desenvolvemento do 324/1996.

O artigo 73 do decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES establece as seguintes competencias dos departamentos didácticos:

- a. Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do instituto e a programación xeral anual.
- b. Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- c. Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, materias e módulos integrados no departamento, baixo a coordinación e dirección do seu xefe ou xefa, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

- d. Promover a investigación educativa e propoñerlle ao xefe ou xefa de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.
- e. Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- f. Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperán de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos e alumnas que o precisen.
- g. Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- h. Organizar e realizar as probas necesarias para os alumnos e alumnas de bacharelato ou de ciclos formativos con materias ou módulos pendentes e, se é o caso, para os alumnos e alumnas libres.
- i. Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos e alumnas lle formulen ao departamento e ditar os informes pertinentes.
- j. Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.
- k. Propor materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores ou profesoras do mesmo.

No IES Espíneira hai os seguintes departamentos didácticos:

<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía. • Artes plásticas • Economía. • Educación Física. • Filosofía. • Física e Química. • Francés. 	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés. • Lingua Castelá e Literatura. • Lingua Galega e Literatura. • Latín • Matemáticas. • Orientación. • Xeografía e Historia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relixión Católica. • Informática • Administración • Electricidade e electrónica • FOL
--	--	---

Cada departamento didáctico terá o seu xefe ou xefa de departamento, que será designado polo director ou directora do instituto e nomeado polo delegado provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desempeñará o seu cargo durante catro cursos académicos, renovables, de ser o caso.

Segundo o artigo 74 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo) a xefatura de departamento será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo que estea en situación de servizo activo no corpo de catedráticos de bacharelato á entrada en vigor da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. No caso de que haxa máis dun, o director ou directora do centro, oído o departamento, nomeará un deles.

Cando nun departamento non haxa ningún profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida a xefatura será desempeñada por funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario ou, se é o caso, do corpo de profesores técnicos de formación profesional, con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora, a proposta do departamento.

É competencia do xefe ou xefa de departamento (artigo 75 decreto 324/1996):

- a. Representar ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- b. Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- c. Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias ou módulos que se integran no departamento.
- d. Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.
- e. Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar.
- f. Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.

- g. Darlles a coñecer aos alumnos é alumnas a información relativa á programación, con especial referencia aos obxectivos, aos mínimos esixíbeis e aos criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- h. Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.
- i. Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- j. Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.
- k. Coordina-la organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.
- l. Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

5.2.2. Comisión de coordinación pedagóxica.

Segundo o artigo 77 do Decreto 324/1996, estará integrada no noso centro polo director que será o seu presidente, a xefa de estudos, as xefas e xefes de departamento, a coordinadora do EDLG e a profesora de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. Actuará como secretario ou secretaria, un membro da comisión designado pola dirección, oídos os restantes membros.

Son competencias da CCP:

- a. Elevar propostas ó claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- b. Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plano de orientación académica e profesional e o plano de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- c. Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d. Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.
- e. Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- f. Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- g. Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
- h. Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ó Centro de Formación Continua do Profesorado.
- i. Propoñerlle ao director ou directora os profesores tutores que han formar parte do departamento de orientación.
- j. Realizar, de se-lo caso, a proposta ao xefe ou xefa de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- k. Propoñe-los profesores e profesoras que han formar parte do equipo de normalización lingüística.

5.2.3. Departamento de Orientación.

Segundo os artigos 53 e 54 da orde do 1 de agosto de 1997, forman parte do mesmo a xefa ou xefe de departamento, a profesora ou profesor de apoio para atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e unha titora ou titor por cada un dos cursos que compoñen as etapas educativas que se imparten no instituto.

A xefa ou xefe de departamento actuará baixo a dependencia directa da xefa de estudos e en estreita colaboración co Equipo Directivo, xefes de departamento e titoras e tutores. A súa función fundamental será a de elaborar e impulsar propostas de orientación e reforzo educativo así como un plan de acción tutorial. O alumnado será atendido no seu horario lectivo coa recomendación expresa das titoras, tutores, profesoras e profesores ou

cargos directivos, mediante cita previa; tamén recibirá ás nais e aos pais que o desexen. As informacións obtidas serán de carácter confidencial.

5.2.4. Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares¹.

O IES Espíneira ten como unha das súas características máis relevantes a de considerar que a educación integral do alumnado ten que ter en conta conceptos, aspectos, campos e intereses que van máis aló das aulas, dos libros, das tarefas obrigatorias, do temario imposto e, en definitiva, do ensino academicista. Somos conscientes que debemos preparar ao noso alumnado intelectualmente máis debemos preparalos para o traballo, para o lecer, para as relacións cos outros, para saber adaptarse ás situacións, persoas e grupos diferentes utilizando a súa creatividade e a súa iniciativa; e porque nesta preparación as actividades complementarias e extraescolares xogan un papel primordial, no noso centro son consideradas como medio para conseguir esa educación integral que aspiramos a acadar e a favorecer a adquisición das competencias claves expresadas na normativa educativa vixente.

Entenderase por **actividades complementarias** as actividades organizadas polo centro durante o horario escolar segundo o seu Proxecto Educativo e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, recursos o espazos que se empregan. Por outra banda, **as actividades extraescolares** son as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu entorno e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade (artigo 61 e 62 do decreto 324/1996).

A xefatura deste departamento será ostentada polo vicedirector, e formarán parte do mesmo, o/a profesor/a encargado/a da biblioteca e, para cada actividade concreta, o profesorado e alumnado responsable da mesma. A súa función esencial será a de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares (artigo 64 do decreto 324/1996).

5.2.4.1. Marco normativo das actividades complementarias e extraescolares.

O decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria establece no seu artigo 66 as funcións do xefe ou xefa do departamento:

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e CCP.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Proporcionar ao alumnado a información relativa ás actividades do departamento.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.
- Coordinar a organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos e alumnas.
- Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de aportacións de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.
- Organizar a utilización da biblioteca do instituto.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- Presentarlle propostas ao equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

¹ Este apartado do Proxecto Educativo foi informado positivamente polo claustro e valorado positivamente polo consello escolar o 26 de xuño de 2019 e aprobado por dirección o 27 de xuño de 2019.



Dende esta consideración, o IES Espíneira establece con carácter prescriptivo que as actividades complementarias e extraescolares deberán cumprir os seguintes requisitos:

- As actividades complementarias e extraescolares (ACE) serán autorizadas pola familia a principio de curso a través do formulario de matrícula. Aínda que as actividades complementarias non precisan dunha autorización dado que se realizan en horario lectivo e son obrigatorias, a dirección informará ás familias da realización de cada unha das actividades que implicasen a saída do centro en horario lectivo.
- Co obxecto de dar cumprimento ás funcións do Consello Escolar e autorizar a realización daquelas actividades complementarias e extraescolares que, por razón de concorrencia ou apremio, non se puidesen facer a principio de curso nos prazos establecidos, o Consello Escolar acorda nomear unha subcomisión de ACEs, constituída polo **subdirector/a, un/ha profesor/a, un/ha alumno/a e un pai ou nai, que se encargará de autorizar as ACEs** sen necesidade de convocar a todos os membros do Consello Escolar, sendo preceptivo informar das devanditas autorizacións ao Consello Escolar na seguinte reunión ordinaria do mesmo. O disposto neste punto será de aplicación para aquelas ACEs non recollidas na PXA.
- Como norma xeral, o alumnado que non participe nas actividades complementarias ou extraescolares que se desenvolvan dentro do horario lectivo terá que asistir á clase. Para minimizar o impacto educativo da non asistencia ás ACE, o profesorado que as organice deberá deixar unha tarefa relacionada para que o alumnado poida desenvolver ese contido educativo e non ver menoscabado o seu acceso ao currículo da materia e deberá prever un método de avaliación con posterioridade.
- Só poderán ser consideradas actividades voluntarias os seguintes: as que non estean na PXA, as que teñan un custo económico para o alumnado ou as que teñan lugar fóra do horario escolar. Aínda nestes casos, a non participación do alumnado debe ser comunicada polas familias á persoa responsable da actividade, segundo o documento de autorización que o centro ten establecido para este tipo de actividades voluntarias.
- As actividades teñen que ser comunicadas á vicedirección con antelación suficiente para **poder organizar o transporte**. Na comunicación faranse constar os datos da actividade cubrindo unha ficha deseñada ao efecto. Cando algún membro do profesorado desexe desenvolver ACEs non incluídas na programación xeral deberá solicitálo á dirección con tempo de abondo para a súa organización.
- A vicedirección e os departamentos serán coidadosos no deseño das actividades para buscaren un equilibrio das mesmas para os distintos grupos.
- O profesorado deberá acompañar ao alumnado co que tivese clase cando as actividades programadas sexan para grupos enteiros con carácter obrigatorio, teñan lugar dentro do centro e se solicite a súa colaboración por parte dos responsables da organización do acto.
- En 2º de bacharelato prégase que non se fagan ACEs salvo aquelas organizadas polo departamento de orientación dirixidas a tarefas de orientación académica ou profesional e sexan consideradas de máxima importancia.
- Con carácter xeral non se poderán facer ACEs despois do 15 de maio. **No caso de 2º de bacharelato nunca despois das vacacións de Semana Santa.**
- As normas de convivencia prevén que o alumnado poida ser privado do dereito de asistir ás ACE.
- O alumnado participante nas ACE deberá figurar nunha lista na sala de profesorado. Consignarase falta ao alumnado que non participe na actividade e non acuda ao centro.
- A ratio profesorado-alumnado:
 - Con carácter xeral será 1 profesor/a por casa 20 alumnos/as.
 - A Dirección do Centro poderá establecer extraordinariamente unha ratio profesor-alumnado inferior a 1:20 cando se trate de grupos onde están matriculados alumnos con necesidades educativas especiais.

Ademais das consideracións anteriores nas actividades extraescolares que impliquen pernocta fóra da casa deberanse ter en conta os seguintes aspectos:



- Será preceptiva unha reunión informativa entre os organizadores e as familias para detallaren obxectivos, duración, itinerario, hoteis, teléfono de contacto, etc. Esta información tamén se entregará por escrito
- As familias deberán asinar unha autorización específica.
- Deberán participar dous/dúas profesores/as como mínimo.
- As actividades que supoñan ausencia prolongada do alumnado, como unha viaxe de estudos, procurarán facerse en períodos prevacacionais e con posterioridade ao período de exames.
- A vicedirección será informada con suficiente antelación do desenvolvemento das actividades que impliquen pernocta mediante un breve documento informativo no que constarán os datos máis relevantes da actividade (lugar e data, itinerario, alumnado participante, profesorado acompañante e obxectivos).

5.2.4.2. Planificación das actividades complementarias e extraescolares.

1. Nas programacións didácticas dos departamentos expresarase como mínimo:
 - A finalidade das actividades a realizar.
 - Cursos participantes.
 - Número de alumnos/as participantes e profesores/as acompañantes.
 - Interese da actividade para a formación do alumnado.
1. As actividades poderán ser propostas por calquera membro da comunidade educativa, debendo constar na programación do departamento, na programación xeral anual e ser aprobadas polo Consello Escolar a comezo de curso ou pola subcomisión de actividades complementarias e extraescolares.
2. As ACEs gardarán relación coas materias de cada nivel, poderán estar vinculadas aos elementos transversais (artigo 4 do decreto 86/2015) e ter un carácter interdisciplinar ou vincularse á formación xeral do alumnado (prevención de adiccións, redes sociais, educación viaria, convivencia, xuventude).
3. A realización das actividades deberá ser comunicadas á vicedirección con suficiente antelación para non alterar, na medida do posible, o funcionamento normal del centro e ao resto da comunidade educativa a través dos medios que se estimen oportunos (taboleiro de anuncios, Google calendar, SMS ou correo corporativo).
4. A efectos de seguimento por parte da secretaría do centro das ensinanzas financiadas polo Fondo Social Europeo, o profesor que organiza a actividade deberá cumprimentar con antelación á realización da actividade un formulario específico (segundo o Decreto 324/1996, Artigo 66, punto C, Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado) que recolle información sobre perda de sesións lectivas por parte dos docentes acompañantes, perda de sesións lectivas por parte do alumnado, relación de grupos e alumnado, horario, destino, departamento, custo, ...
5. O profesorado responsable da actividade deberá estar en posesión da autorización das familias do alumnado menor de idade cunha antelación mínima de 24 horas, conservándoa durante a actividade e arquivándoa ata final de curso. Dita autorización realizarase completando o documento modelo existente en Vicedirección.
6. No caso de que algún alumno ou alumna non asista a unha ACE por sanción ou por non ter a preceptiva autorización, este deberá ser atendido no centro de maneira que teña as mesmas posibilidades de adquisición do currículo que os compañeiros que están a participar na actividade. No caso de ausencia, o profesor responsable deberá asignar as tarefas necesarias para que o alumnado poida desenvolver ese contido educativo e non ver menoscabado o seu acceso ao currículo.
7. O/a profesor/a que organiza unha ACE deberá deixar no taboleiro ou na mesa de sinatura das gardas a relación de alumnos que non participan na actividade para facilitar a localización, consignación de ausencia e/ou custodia ao profesorado de garda. Da mesma maneira, o/a profesor/a comunicará á xefatura, antes de abandonar o centro, se algún alumno non se presenta á actividade e tivese confirmado a súa asistencia a través da autorización.

8. O profesor encargado de organizar a ACE deberá engadir na memoria de departamento cada unha das actividades realizadas xunto cunha valoración da mesma, porcentaxe de participación e incidencias observadas conforme ao acordado na CCP no relativo á elaboración das memorias de departamento.

5.2.4.3. Desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares.

1. No relativo á participación do alumnado, todos os alumnos e alumnas teñen o dereito de participar nas ACE sempre que non fosen privados do dereito de asistencia ás ACE como consecuencia dunha sanción por infrinxir as normas de convivencia do centro ou por motivos disciplinarios.
2. Do principio de gratuidade do ensino público, derívase que o alumnado non ten a obrigaición de participar nas actividades complementarias non gratuítas e que estas actividades con custo económico deberán ser as mínimas posibles. Con todo, se a dirección o estimase oportuno, o centro poderá asumir o custo económico da actividade daqueles alumnos que non puideran afrontar ese pago. Esta consideración non se fará extensiva ás actividades extraescolares, viaxe de estudos ou viaxe de fin de curso que poderán levar consigo unha aportación económica por parte do alumnado.
3. Para a realización de ACE será necesaria a participación do 80% do alumnado do grupo, excepcionalmente, estudarase a posibilidade de realizar a actividade cun número menor de persoas.
4. Con carácter xeral, o profesorado só poderá organizar ACEs para o seu alumnado. O departamento de orientación e a propia dirección poderán facer, no exercicio das súas atribucións, unha escolla selectiva dos participantes nas actividades que propuxesen ou facer extensiva unha ACE a todo o centro.
5. As dietas do profesorado acompañante nas actividades estarán suxeitas ao disposto na normativa legal, sendo aboadas con posterioridade á realización da actividade e mediante a presentación de recibo ou factura.
6. En relación ao profesorado acompañante, procurarase que os profesores que dean clases a 2º de bacharelato perdan o menor número de sesións posibles en prexuízo dos seus alumnos ou que, na medida do posible, os/as profesores/as acompañantes sexan aqueles máis afectados en carga horaria pola participación do grupo nunha ACE. Para minimizar o impacto da súa ausencia, o profesorado acompañante deberá deixar ao profesorado de garda tarefa para o alumnado co que tivese clase.
7. En relación ao día escollido para a realización da ACE, no caso de non ser imposto por unha institución ou organismo externo ao centro, procurarase non realizar as actividades os mesmos días da semana para non prexudicar sempre aos mesmos profesores e materias.
8. Aquel alumno/a que falte a unha actividade complementaria e extraescolar sen xustificación, debidamente cumprimentada e aceptada polo titor, perderá o dereito de asistencia a calquera outra actividade que se propoña.
9. O centro terá a disposición do profesorado un teléfono móbil por se o alumnado tivese que contactar co organizador da actividade durante os tempos de lecer entre unha actividade e outra ou durante a comida.

5.2.5. Equipo de dinamización da lingua galega e proxecto lingüístico de centro.

Segundo os artigos 82 a 85 do decreto do 324/1996, o equipo está constituído por tres membros do profesorado, propostos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, tres alumnas ou alumnos, propostos pola Xunta de Delegados, e un membro do Persoal Non Docente, por proposta dos mesmos. O coordinador será un profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, proposto polos compoñentes do equipo e nomeado polo director por un período de catro anos.

As principais funcións serán presentar a través do Claustro propostas para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística, que se incluírán no proxecto educativo e artellar todas as medidas necesarias, para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro e que figurarán no Plan Anual de dinamización da lingua galega.

É competencia do equipo de dinamización da lingua galega:



- a. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística.
- b. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica o plano xeral para o uso do idioma e o plano específico para potenciar a presenza da realidade galega no ensino.
- c. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades.
- d. Aquelas outras funcións que a Consellería de E. e O. U. estableza na súa normativa específica.

Son competencias do coordinador:

- a. Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares.
- b. Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á CCP.
- c. Convocar e presidir as reunións do equipo e responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da memoria final de curso.
- d. Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo.

Calquera outra consideración sobre a dinamización da lingua galega do centro que non quedara reflectida neste proxecto educativo será definida e concretada no Plan Anual de dinamización da lingua galega que elabora cada curso o equipo (para máis información, consultar o documento específico).

5.2.5.1. Proxecto lingüístico de centro.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio), sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. O devandito decreto expresa no seu artigo 14 a necesidade de que cada centro educativo conte cun proxecto lingüístico, e faino nestes termos:

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:
 - a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
 - b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
 - c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
 - d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.
3. Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e á normativa vixente

En relación a distribución lingüística na Educación Secundaria Obrigatoria, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece no seu artigo 7º o que segue:

Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

1. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
2. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
3. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en

castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

En relación a distribución lingüística no bacharelato, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece no seu artigo 8º o que segue:

1. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Calquera outra consideración relativa ao proxecto lingüístico do centro ou o tratamento integrado das linguas que non quedara reflectida neste proxecto educativo será definida e concretada no proxecto lingüístico do centro (para máis información, consultar o documento específico).

5.2.6. Tutorías.

A designación dos titores corresponde ao director do instituto, por proposta do xefe de estudos, oído o xefe de departamento de orientación, entre os profesores que impartan a docencia a todo o grupo. Haberá un titor por cada grupo de alumnos. No departamento de orientación haberá un titor por cada un dos niveis do centro, designados polo director, por proposta da CCP. Os titores da ESO disporán dunha hora de redución semanal para a realización de tarefas de coordinación.

As funcións máis relevantes dos titores, segundo a lexislación vixente, recollidas no artigo 59 de decreto 324/1996, son:

- Participar no plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- Coñecer as características persoais de cada alumno, así coma os aspectos da situación familiar e escolar que repercutan no seu rendemento académico.
- Controlar a falta de asistencia do alumnado, e ter informados ós pais ou titores legais e ao xefe de estudos.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos do seu grupo
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo
- Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

No referente á designación de titores ver o artigo 5.1 do Plan de Acción Tutorial.

5.2.7. Outras dinamizacións.

Con arranxo á orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función tutorial e outras funcións docentes, queda a criterio do equipo directivo a creación e asignación das dinamizacións de proxectos específicos, entre os cales se encontran:

- a. **Dinamización de convivencia escolar:** A persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función tutorial e propoñendo accións cooperativas. Asesorará ao resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- b. **Dinamización de programas internacionais:** Esta dinamización ten por obxectivo favorecer a participación dos centros educativos nos diferentes programas e iniciativas de intercambio e mobilidade noutros territorios do Estado e transnacional, tanto europeas como internacionais.
- c. **Dinamización de mellora da calidade educativa:** Esta dinamización ten por obxecto favorecer a participación dos centros educativos en todos aqueles programas que redunden na mellora da calidade educativa.

As dinamización de biblioteca e dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación consideradas nesta orde desenvolveranse de maneira máis extensa nos correspondentes apartados deste proxecto educativo

5.3. Outros órganos funcionais

5.3.1.- Delegados e Xunta de Delegados

A Xunta de Delegados de alumnos, os seus compoñentes, existencia, competencias e funcións da mesma e dos seus membros veñen determinadas polo Título V do Decreto 324/1996 de 26 de xullo, o que dedica 9 artigos desde o 107 ao 115, ambos os dous inclusive. O procedemento para elección do delegado e o presidente da xunta de delegados figura no artigo 4.3 das Normas de Organización e Funcionamento do centro.

A elección de delegados e subdelegados farase por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, eleccións organizadas e convocadas polo xefe de estudos con axuda dos titores dos grupos e os representantes dos alumnos no Consello Escolar (art. 111). O delegado formará parte da xunta de delegados. O subdelegado substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade. De entre os delegados será elixido un que presidirá a xunta de delegados.

As funcións da xunta de delegados, redactadas no artigo 112, refírense fundamentalmente a favorecer as canles de comunicación entre os órganos competentes, e por outro comunicarlles ós alumnos as decisións destes órganos. Para acadar unha mellora nas relacións poderán elevar propostas para a elaboración do proxecto educativo, para a modificación do regulamento de réxime interior e para a elaboración dos horarios e actividades complementarias.

Esta xunta, se o solicita, ten que ser oída polos órganos de goberno, especialmente no que se refire a problemas que pola súa índole requiran a súa audiencia.

5.3.2.- As asociacións de pais e asociación de alumnado.

A súa existencia ven regulada polo artigo 120 do decreto 324/1996.

Estas asociacións poderán elevar propostas ao Consello Escolar sobre a elaboración do Proxecto Educativo, para a modificación das Normas de Organización e Funcionamento, realización de actividades complementarias, etc. Poderán recibir información dos aspectos tratados no Consello Escolar, sobre os resultados académicos referidos ao centro e da valoración que realice o Consello Escolar, recibir un exemplar da programación xeral anual e dos diversos proxectos, sobre os libros de texto e material didáctico, etc.

6. A CONCRECIÓN CURRICULAR DO IES ESPÍNEIRA

A concreción curricular das ensinanzas de ESO e Bacharelato organízase segundo o decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. O desenvolvemento curricular dos ciclos de formación profesional impartidos no IES Espíneira organízase a normativa de carácter xeral para a formación profesional e os seus respectivos decretos.

6.1. Capacidades a desenvolver na ESO e no bacharelato.

6.1.1. Educación Secundaria Obrigatoria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que a continuación se detallan. Para unha enumeración é exhaustiva remitimos ao artigo 10 do decreto 86/2015.

- Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, de distintas formas de aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.
- Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia..
- Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiáns a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Fortalecer ao alumnado nas capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas complexos, en diversos campos do coñecemento e na vida cotiá.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio, participando na súa conservación e mellora.
- Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, desenvolver o coidado da saúde, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.
- Capacitar ao alumnado con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou á vida laboral.
- Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas.
- Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, asumindo responsablemente deberes e dereitos, practicando a tolerancia, a igualdade e equidade, a cooperación e solidariedade.

6.1.2. Bacharelato.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que a continuación se detallan. Para unha enumeración é exhaustiva remitimos ao artigo 26 do decreto 86/2015.

- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso.
- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramentas para conseguir obxectivos e fins da aprendizaxe, traballo e lecer, previamente establecidos.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución, as súas escalas de valores, e contribuír a afianzar e conservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia no contexto dun mundo globalizado.

- Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha conciencia cívica responsable, que fomente a corresponsabilidade e compromiso na construción dunha sociedade plural, xusta e equitativa en dereitos e oportunidades das persoas e favoreza a sustentabilidade..
- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de traballo en equipo, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha madurez intelectual e humana, persoal e social que lles permita resolver responsable, crítica e pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Acceder aos coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.
- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria
- Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e mellora do seu contorno social e afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.
- Proporcionar ao alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, asemade capacitar para o acceso á educación superior ou ao ámbito laboral e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida.
- Desenvolver a sensibilidade cara ás manifestacións artísticas, literarias e deportivas, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.
- Afianzar hábitos de utilización da educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer.

6.2 Contribución á consecución das competencias clave e metodoloxía didáctica.

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Neste proxecto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Posteriormente o Ministerio de Educación ditou unha Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe adquirir o alumnado cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para acadar un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional son as que seguen:

- Competencia en comunicación lingüística: refírese á habilidade para empregar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral e escrita
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
- Competencia dixital: implica o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información en comunicación para obter, analizar, producir e intercambiar información.



- Aprender a aprender: é unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou en equipo para conseguir un obxectivo.
- Competencias sociais e cívicas: fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e implicarse de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: implica as habilidades necesarias para transformar as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- Conciencia e expresións culturais: fan referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

6.2.1. Liña metodolóxica de referencia.

Para acadar os obxectivos e as competencias clave o IES Espíneira entende que debe adoptar e manter un posicionamento metodolóxico claro e flexible que se poida adaptar ás características do alumnado e profesorado. Neste senso, a metodoloxía será:

- **Activa e participativa.** En ocasións o profesorado proporcionará de maneira ordenada os contidos relevantes, mentres que outras veces resultará máis apropiado dispor as condicións e os materiais máis idóneos para que o alumnado adquira o seu propio coñecemento de forma autónoma. O alumnado convértese así en protagonista da súa propia aprendizaxe desenvolve a súa capacidade de "aprender a aprender"; é dicir, que sexa capaz de marcarse os seus propios obxectivos en relación coa programación establecida.
- **Motivadora e contextualizada.** Se os intereses do alumnado non se reflicten na cultura escolar, isto lévao á desmotivación e ao rexeitamento. Por iso, débense crear situacións de aprendizaxe motivadoras que conecten dalgunha maneira coas expectativas do mesmo, favorezan o esforzo persoal e premien o traballo continuo.
- **Traballo en equipo.** Para dinamizar os procesos de aprendizaxe favorecerase que haxa intercambio de información e experiencias e a cooperación entre alumnos. Por iso, debemos facilitar a creación de equipos de traballo que potenciarán as relacións entre estudantes, dando prioridade non tanto aos resultados de dito traballo senón aos procesos de aprendizaxe.
- **Personalizada.** A aprendizaxe axustarase ao nivel de desenvolvemento de cada caso concreto. Teranse en conta as capacidades do alumnado. O profesorado facilitará métodos e recursos variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presente o alumnado do grupo.
- **Atención á diversidade.** O abano de prácticas educativas ordinarias pode non supoñer axuda suficiente para determinados alumnos. O anterior fai precisa a utilización de medidas específicas. Na medida do posible algunhas destas prácticas específicas deberían incorporarse á práctica ordinaria para ampliar o abano e evitar dificultades futuras.
- **Orientación.** Implantarase un sistema eficaz de orientación que propicie o desenvolvemento persoal do alumnado e o capacidade para tomar decisións sobre o seu futuro académico e profesional.
- **Novas tecnoloxías.** O centro facilitará que o seu alumnado se familiarice coas novas tecnoloxías e as empreguen de maneira habitual nas diversas áreas e materias.
- **Biblioteca.** Débese potenciar o uso da biblioteca para fomentar o hábito de lectura e tamén para a busca de información complementaria.
- **Actividades complementarias e extraescolares.** É conveniente que o alumnado acuda a exposicións, representacións teatrais, excursións, concertos, etc., posto que favorecen a aprendizaxe e a convivencia. , agás en segundo de bacharelato, curso no que se debe priorizar a actividade lectiva.

6.3. Oferta educativa do centro.

Nas etapas onde, segundo á normativa se poida facer, a oferta educativo do IES Espiñeira queda establecida da seguinte maneira.

1º ESO

Bioloxía e Xeoloxía Xeografía e Historia Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Matemáticas Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) Educación plástica, visual e audiovisual Segunda lingua estranxeira (francés)	Opción 1 (elixir unha) Relixión Valores éticos Opción 2 (elixir unha) Educación Física Educación Física en Francés
---	---

2º ESO

Xeografía e historia Física e química Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Matemáticas Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) Música Tecnoloxía Educación Física Segunda lingua estranxeira (francés) Programación	Opción 1 Relixión Valores éticos
--	---

3º ESO

Bioloxía e Xeoloxía Física e Química Xeografía e Historia Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) Educación física Educación plástica, visual e audiovisual Música Tecnoloxía	Opción 1 (elixir unha) Relixión Valores éticos Opción 2 (elixir unha) Segunda lingua estranxeira (francés) Cultura clásica Opción 3 (elixir unha) Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas
--	---

4º ESO

OPCIÓN DE ENSEÑANZAS ACADÉMICAS		OPCIÓN DE ENSEÑANZAS APLICADAS
Xeografía e historia		Xeografía e historia
Lingua Castelá e Literatura		Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura		Lingua Galega e Literatura
Matemáticas Orientadas ás ensinanzas académicas		Matemáticas Orientadas ás ensinanzas aplicadas
Educación física		Educación física
Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)		Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)
Itinerario 1	Itinerario 2	Itinerario 3
Bioloxía e Xeoloxía	Economía	Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional
Física e Química	Latín	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (cursaranse dúas pero elixir tres por orde de preferencia)		
Tecnoloxías da información e da comunicación.		Filosofía
Educación Plástica, Visual e Audiovisual		Segunda lingua estranxeira (francés)
Música		Tecnoloxía
Opción 1		
Relixión		
Valores éticos		

As horas de libre configuración do centro quedan da seguinte maneira: unha sesión semanal máis de Educación plástica, visual e audiovisual en 1º da ESO e unha sesión de Programación en 2º da ESO².

² A materia de Programación substitúe a unha hora de aprofundamento de Música a partir do curso 2019-20. Esta modificación foi aprobada no claustro de 20 de maio de 2019 e autorizada por inspección.

1º BACHARELATO³

	A1 Modalidade de Ciencias (Cubrir obrigatoriamente por todo o alumnado que curse estudos pola modalidade de Ciencias)		A2 Modalidade de Ciencias (Oferta do centro no caso de que non se poida ofertar o Itinerario de Ciencias Técnicas; o alumnado que non cubra este apartado manifesta que no caso de que non se oferte o itinerario de Ciencias Técnicas, cursará estudos noutro centro)			
Materias troncais xerais	Filosofía Lingua Castelá e Literatura I Lingua Galega e Literatura I Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés) Educación física		Filosofía Lingua Castelá e Literatura I Lingua Galega e Literatura I Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés) Educación física			
	C. Técnicas	C. Saúde	C. saúde			
Materias troncais de opción	Matemáticas I [4] Física e Química [4] Debuxo Técnico I [4]	Matemáticas I [4] Física e Química [4] Bioloxía e Xeoloxía [4]	Matemáticas I [4] Física e Química [4] Bioloxía e Xeoloxía [4]			
	OPTATIVAS	OPTATIVAS (Marcar OBRIGATORIAMENTE un dos dous itinerarios)	OPTATIVAS (Marca OBRIGATORIAMENTE un dos tres itinerarios)			
Materias específicas de opción		Itinerario A	Itinerario B	Itinerario A	Itinerario B	Itinerario C
	Tec. Ind I (3)	A Tec. Ind I (3)	B Antropoloxía (2)	Tec. Ind I (3)	Debuxo Técnico I (4)	Antropoloxía (2)
	Escolle unha Relixión Católica (1) Valores Éticos (1)	Escolle unha Relixión Católica (1) Valores Éticos (1)	Cultura Científica (2)	Escolle unha Relixión Católica (1) Valores Éticos (1)		Cultura Científica (2)
	TIC I	TIC I	TIC I	TIC I	TIC I	TIC I
	No caso de que queiras confeccionar o teu propio itinerario de OPTATIVAS, marca dúas ou tres materias ata sumares 6 horas . Non marques aquelas materias TRONCAIS DE OPCIÓN que xa teñas que cursar. Análise Musical I [3] Anatomía Aplicada [3] Debuxo Artístico I [3] Volume [3] Segunda Lingua Estranxeira I (Francés) [2] Cultura científica [2] Tecnoloxía da información e a comunicación I [2] Tecnoloxía Industrial I [3] Bioloxía e Xeoloxía [4] Debuxo Técnico I [4] Antropoloxía [2] Linguaxe e práctica musical [3] Relixión [1] ou Valores Éticos [1]		No caso de que queiras confeccionar o teu propio itinerario de OPTATIVAS, marca dúas ou tres materias ata sumares 6 horas . Non marques aquelas materias TRONCAIS DE OPCIÓN que xa teñas que cursar. Análise Musical I [3] Anatomía Aplicada [3] Debuxo Artístico I [3] Volume [3] Segunda Lingua Estranxeira I (Francés) [2] Cultura científica [2] Tecnoloxía da información e a comunicación I [2] Tecnoloxía Industrial I [3] Bioloxía e Xeoloxía [4] Debuxo Técnico I [4] Antropoloxía [2] Linguaxe e práctica musical [3] Relixión [1] ou Valores Éticos [1]			

³ Esta oferta educativa de 1º de bacharelato foi aprobada polo claustro de profesores/as o 27-02-2019.



	B1 Modalidade de Humanidades e C ^a Sociais (Cubrir obrigatoriamente por todo o alumnado que curse estudos pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais)				B2 Modalidade de Humanidades e C ^a Sociais (Oferta do centro no caso de que non se poida ofertar o itinerario de Humanidades. O alumnado que non cubra este apartado manifesta que no caso de que non se oferte o itinerario Humanidades, cursará estudos noutro centro)		
Materias troncais xerais	Filosofía Lingua Castelá e Literatura I Lingua Galega e Literatura I Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés) Educación física				Filosofía Lingua Castelá e Literatura I Lingua Galega e Literatura I Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés) Educación física		
	Humanidades		C^a Sociais		C. Sociais		
Materias troncais de opción	Latín I [4] Grego I [4] Escolle unha Historia do MC [4] Literatura Universal [4]		Matemáticas Aplicadas ás CCSS I [4] Economía [4] Historia do MC [4]		Matemáticas Aplicadas ás CCSS I [4] Economía [4] Historia do MC [4]		
	OPTATIVAS (Marcar OBRIGATORIAMENTE un dos dous itinerarios)		OPTATIVAS (Marcar OBRIGATORIAMENTE un dos dous itinerarios)		OPTATIVAS (Marca OBRIGATORIAMENTE un dos tres)		
	Itinerario A	Itinerario B	Itinerario A	Itinerario B	Itinerario A	Itinerario B	Itinerario C
Materias específicas de opción	LPM (3) Escolle unha Relixión Católica (1) Valores Éticos (1) Francés I	Antropoloxía (2) Cultura Científica (2) Francés I	LPM (3) Escolle unha Relixión Católic. (1) Valores Éticos (1) Francés I	Antropoloxía (2) Cultura Científica (2) Francés I	LPM (3) Escolle unha Relixión Católic. (1) Valores Éticos (1) Francés I	Latín I (4) Francés I	Antropoloxía (2) Cultura Científica (2) Francés I
	No caso de que queiras confeccionar o teu propio itinerario de OPTATIVAS, marca dúas ou tres materias ata sumares 6 horas . Non marques aquelas materias TRONCAIS DE OPCIÓN que xa teñas que cursar.				No caso de que queiras confeccionar o teu propio itinerario de OPTATIVAS, marca dúas ou tres materias ata sumares 6 horas . Non marques aquelas materias TRONCAIS DE OPCIÓN que xa teñas que cursar.		
	Análise Musical I [3] Anatomía Aplicada [3] Debuxo Artístico I [3] Volume [3] Segunda Lingua Estranxeira I (Francés) [2] Cultura científica [2] Tecnoloxía da información e a comunicación I [2] Tecnoloxía Industrial I [3] Latín I [4] Grego I [4] Literatura Universal [4] Matemáticas Aplicadas ás CCSS I [4] Economía [4] Antropoloxía [2] Linguaxe e práctica musical [3] Relixión [1] ou Valores Éticos [1]				Análise Musical I [3] Anatomía Aplicada [3] Debuxo Artístico I [3] Volume [3] Segunda Lingua Estranxeira I (Francés) [2] Cultura científica [2] Tecnoloxía da información e a comunicación I [2] Tecnoloxía Industrial I [3] Latín I [4] Grego I [4] Literatura Universal [4] Matemáticas Aplicadas ás CCSS I [4] Economía [4] Antropoloxía [2] Linguaxe e práctica musical [3] Relixión [1] ou Valores Éticos [1]		

2º BACHARELATO⁴

A1 Modalidade de Ciencias (Cubrir obrigatoriamente por todo o alumnado que curse estudos pola modalidade de Ciencias)		A2 Modalidade de Ciencias (Oferta do centro no caso de que non se poida ofertar o itinerario de Ciencias Técnicas; o alumnado que non cubra este apartado manifesta que no caso de que non se oferte o itinerario de Ciencias Técnicas, cursará estudos noutro centro)	
Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Galega e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)	Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Galega e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)	Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Galega e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)	
C. técnicas	C. saúde	C. Saúde	
Matemáticas II [4] Física [4] Debuxo Técnico II [4]	Matemáticas II [4] Química [4]	Matemáticas II [4] Química [4]	
	Escoller unha Bioloxía [4] Xeoloxía [4]	Escoller unha Bioloxía [4] Xeoloxía [4]	
OPTATIVAS (Itinerario recomendado para este modalidade)	OPTATIVAS (Itinerario recomendado para este modalidade)	OPTATIVAS (Itinerarios recomendado para este modalidade, escoller OBRIGATORIAMENTE un dos dous)	
		Itinerario A	Itinerario B
Tecnoloxía Industrial II (3)	Escoller unha Tecnoloxía Ind. II [3] Psicoloxía [3]	Escoller unha Física [4] Debuxo Técnico II [4]	Escoller unha Tecnoloxía Ind. II [3] Psicoloxía [3]
TIC II [3] // Francés II [3]	TIC II [3] // Francés II [3]	TIC II [3] // Francés II [3]	TIC II [3] // Francés II [3]
Escoller unha Xeografía de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos (2)	Escoller unha Xeografía de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos (2)	Escoller unha Rel. Cat. [1] Oratoria [1]	Escoller unha Xeografía de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos (2)
No caso de que queiras confeccionar o teu propio itinerario, marca dúas ou tres materias ata sumar 8 horas , non marques aquelas materias que xa esteas a cursar.			
Análise Musical II (3) Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (3) Debuxo Artístico II (3) Fundamentos da Administración e Xestión (3) Imaxe e Son (3) Técnicas da Expresión Gráfico-plástica (3) Segunda Lingua Estranxeira II (Francés) [3] Tecnoloxía da información e a comunicación II [3] Tecnoloxía Industrial II [3] Historia da música e da danza [3] Psicoloxía [3] Xeografía e historia de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos [2]		Bioloxía [4] Xeoloxía [4] Química [4] Física [4] Latín II [4] Debuxo Técnico II [4] Grego II [4] Historia da filosofía [4] Xeografía [4] Economía da empresa [4] Historia da Arte [4] Relixión [1] ou Oratoria [1]	

⁴ Esta oferta educativa de 2º de bacharelato foi aprobada polo claustro de profesores/as o 27-02-2019.

B1 Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais (Cubrir obrigatoriamente por todo o alumnado que curse estudos pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais)		B2 Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais (Oferta do centro no caso de que non se poida ofertar o Itinerario de Humanidades. O alumnado que non cubra este apartado manifesta que no caso de que non se oferte o itinerario Humanidades, cursará estudos noutro centro)	
Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Galega e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)	Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Galega e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)	Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Galega e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)	
Humanidades	C. Sociais	C. Sociais	
Historia da Filosofía [4] Latín II [4]	Historia da Filosofía [4] Matemáticas Aplicadas ás CCSS [4]	Historia da Filosofía [4] Matemáticas Aplicadas ás CCSS [4]	
Escoller unha Grego II [4] Historia da Arte [4]	Escoller unha Xeografía [4] Economía da Empresa [4]	Escoller unha Xeografía [4] Economía da Empresa [4]	
OPTATIVAS (Itinerario recomendado para Humanidades)	OPTATIVAS (Itinerario recomendado para CCSS)	OPTATIVAS (Itinerarios recomendado para este modalidade, escoller OBRIGATORIAMENTE un dos dous)	
		Itinerario A	Itinerario B
Psicoloxía (3)	Escoller unha Psicoloxía (3) Fundamentos da Administración e Xestión (3)	Escoller unha Latín II [4] Historia da Arte [4]	Escoller unha Psicoloxía (3) Fundamentos da Administración e Xestión (3)
TIC II [3] // Francés II [3]	TIC II [3] // Francés II [3]	TIC II [3] // Francés II [3]	TIC II [3] // Francés II [3]
Xeografía de Galicia [2]	Xeografía de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos [2]	Escoller unha Rel. Cat. [1] Oratoria [1]	Escoller unha Xeografía de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos (2)
No caso de que queiras confeccionar o teu propio itinerario, marca dúas ou tres materias ata sumar 8 horas , non marques aquelas materias que xa esteas a cursar.			
Análise Musical II (3) Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (3) Debuxo Artístico II (3) Fundamentos da Administración e Xestión (3) Imaxe e Son (3) Técnicas da Expresión Gráfico-plástica (3) Segunda Lingua Estranxeira II (Francés) [3] Tecnoloxía da información e a comunicación II [3] Tecnoloxía Industrial II [3] Historia da música e da danza [3] Psicoloxía [3] Xeografía e historia de Galicia [2] Métodos Estatísticos e Numéricos [2]		Bioloxía [4] Xeoloxía [4] Química [4] Física [4] Latín II [4] Debuxo Técnico II [4] Grego II [4] Historia da filosofía [4] Xeografía [4] Economía da empresa [4] Historia da Arte [4] Relixión [1] ou Oratoria [1]	

6.3.1. Oferta educativa de formación profesional.

A oferta educativa do IES Espíneira en materia de formación profesional está estruturada entorno a tres familias profesionais e consta de catro ciclos formativos:

1. Familia profesional de Informática e comunicacións:
Grao básico en Informática e comunicacións (Decreto 107/2014)
2. Familia profesional de Administración:
Grao medio de Xestión administrativa (Decreto 191/2010)
Grao superior de Administración e finanzas (Decreto 206/2012)
3. Familia profesional de electricidade e electrónica:
Grao medio de Instalacións de telecomunicacións (Decreto 178/2010)

6.4. Criterios xerais sobre a avaliación, titulación e promoción do alumnado.

Segundo o artigo 6 do decreto 86/2015 relativo á participación de pais, nais e titores/as legais no proceso educativo, éstos deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as. Da mesma maneira, os artigos 21 e 33 do devandito decreto garanten o dereito dos alumnos e as alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regula no capítulo IV a avaliación, promoción e titulación ao abeiro da LOMCE.

Artigo 21: Avaliacións

- Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
- equipo docente, coordinado polo titor ou titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste, no marco establecido pola consellería.

Artigo 23: Promoción

- As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O alumnado terá promoción de curso no caso de superar todas as materias cursadas ou ser avaliado negativamente en dúas materias como máximo, e **repetirá curso cando** teña avaliación negativa en **tres ou máis materias**, ou en dúas materias que sexan simultaneamente **LG e MAT** ou **LC e MATE**.
- De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción con tres suspensas cando:
 - Non sexan simultaneamente **LG e MAT** ou **LC e MATE**.
 - O equipo docente considere que as materias suspensas non lle impedirán cursar o curso seguinte con éxito, haxa expectativas favorables de recuperación ou se considere que a promoción é recomendable.
 - Se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.
- De xeito excepcional, poderá autorizarse a promoción con **dúas suspensas que sexan LG e MAT ou LC e MATE** cando:
 - O equipo docente considere que as materias suspensas non lle impedirán cursar o curso seguinte con éxito, haxa expectativas favorables de recuperación ou se considere que a promoción é recomendable.
 - Se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

- As materias coa **mesma denominación en diferentes cursos** da educación secundaria obrigatoria consideraranse **como materias distintas**.
- Quen teña promoción **sen superar todas as materias** deberá matricularse das materias non superadas e **seguirá os programas de reforzo (P.R.P.)**. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.
- Poderá repetirse o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición se produza en terceiro ou cuarto curso poderá estar ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- A repetición deberá ir acompañada dun **plan específico personalizado**, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.
- Consello orientador:
 - Entregarase ás familias
 - Incluirá unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.
 - Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación sobre a incorporación a un PMAR ou FPB.
 - O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

6.4.1. Criterios de promoción na ESO.

A normativa vixente (artigo 23 do decreto 86/2015) establece que con carácter xeral, o alumnado promocionará de curso no caso de superar todas as materias cursadas ou ser avaliado negativamente en dúas materias como máximo, e **repetirá curso cando** teña avaliación negativa en **tres ou máis materias**, ou en dúas materias que sexan simultaneamente **LG e MAT** ou **LC e MATE**.

Para que o alumnado con **tres** materias suspensas promocione deberá realizarse unha votación na que será preciso obter a maioría absoluta (máis da metade do profesorado que integra a xunta de avaliación e con voto de calidade do titor ou titora en caso de empate). Neste sentido, a promoción con tres materias pendentes deberá facerse dende o convencemento de que esta decisión excepcional beneficia a evolución académica do alumnado por considerar que este ten expectativas favorables de recuperación ao non impedir, a natureza das súas dificultades de aprendizaxe, a progresión do seu rendemento académico no curso seguinte.

Neste senso, propoñemos como consideracións a ter en conta á hora de votar a promoción con tres materias, que se constate o esforzo do alumno durante o verán, se verifique a vontade de progreso no seu proceso de aprendizaxe e teña en consideración a recuperación doutras materias.

Os votos do profesorado serán por materia impartida, tendo dereito a tantos votos como materias impartira ao alumno ou alumna durante o curso. Os membros da xunta de avaliación deberán pronunciarse en sentido positivo ou negativo, non sendo posible a abstención nin o voto en branco.

6.4.2. Criterios de titulación na ESO.

Poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, superase todas as materias cursadas ou fose avaliado negativamente en dúas materias como máximo, e **non titulará en caso de ter** avaliación negativa en **tres ou máis materias**, ou en dúas materias que sexan simultaneamente **LG e MAT** ou **LC e MATE**.

6.4.3. Criterios de titulación e promoción no bacharelato.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regula no seus artigos 33, 34 e 35 a promoción no bacharelato:

Artigo 35: Promoción

1. Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materia pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

Artigo 37. Título de bacharel

1. Para obter o título de bacharel será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato, así como unha cualificación final de bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:

- a. Cun peso do 60 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en bacharelato.
- b. Cun peso do 40 %, a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

6.4.4. Criterios de promoción e titulación en FPB

A promoción, acceso á FCT e titulación rexeranse pola normativa reguladora da formación profesional básica, en especial por:

- Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de Educación Primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
 - Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e establécense vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
 - As Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre o desenvolvemento dos ciclos de formación profesional básica no curso 2015-2016.
1. Coa finalidade de facilitar a transición cara á vida activa do alumnado ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo, o equipo docente poderá propor a realización da FCT ao alumnado con módulos non superados que non estean asociados a unidades de competencia: Comunicación e Sociedade I ou II, ou Ciencias Aplicadas I ou II.
 2. O alumnado que teña superados todos os módulos profesionais dun ciclo formativo poderá ademais obter o título de ESO sempre que o equipo docente considere que teña alcanzados os obxectivos e adquiridas as competencias da ESO, para o cal, con carácter previo á avaliación final de ciclo, o equipo docente establecerá os criterios en relación aos obxectivos e as competencias que se consideran adecuados para realizar a proposta de título da ESO.

6.4.5. Tipos de avaliación e temporalización.

No IES Espíneira promoverase a avaliación dos elementos que definen o proceso de ensino aprendizaxe, como a adquisición dos obxectivos, o desenvolvemento das competencias, a organización do centro, a función titorial e a práctica docente co obxecto de identificar as nosas debilidades e introducir as melloras oportunas.

6.4.5.1. Avaliación das aprendizaxes.

Realizaranse tres avaliacións ordinarias ao longo curso, procurando un reparto equilibrado entre o número de días lectivos, e unha avaliación extraordinaria en setembro. Estas avaliacións teñen como obxectivo fundamental comprobar o nivel de aprendizaxe dos alumnos no relativo a contidos, obxectivos e competencias expresados na normativa vixente e nas Programacións Didácticas e segundo ao expresado no artigo 13 da resolución do 27 de xullo de 2015.

6.4.5.2. Avaliación inicial.

Realizarase unha avaliación inicial na ESO e no bacharelato (artigo 4 da orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia) e na formación profesional (artigo 28 da orde 12 de xullo de 2011) durante o mes de outubro. A avaliación inicial non levará consigo unha cualificación numérica, xa que a súa función principal é comprobar o nivel de competencia curricular do alumnado, aínda que tamén comprobar a convivencia e a actitude dos alumnos dentro do grupo, analizar os recursos materiais da aula, etc. Neste sentido, deberá avaliar os niveis mínimos alcanzados polo alumnado para poder seguir sen problemas as ensinanzas do nivel no que se atopa e servir para adaptar a programación ás características do grupo e os seus integrantes.

6.4.5.4. Avaliación da práctica docente.

O equipo directivo, de xeito institucional, e o profesorado, de maneira individual, ademais de avaliar as aprendizaxes do alumnado, poderán avaliar a súa propia práctica docente en relación coa consecución dos obxectivos do currículo (indicadores de logro) e a súa propia actuación profesional a través de instrumentos de autoavaliación, coavaliación ou heteroavaliación.

Os departamentos analizarán e valorarán os resultados obtidos polo alumnado ao remate do curso, despois da terceira avaliación, e reflectirán esta valoración na memoria final de departamento. De habelos, despois da convocatoria extraordinaria, engadirase unha addenda á memoria final na que se reflectan os resultados de setembro. Na memoria de departamento, que se realizara segundo ao acordado na Comisión de Coordinación Pedagóxica, quedara constancia da adecuación dos obxectivos, da superación dos estándares de aprendizaxes, das características do alumnado, da metodoloxía didáctica, das medidas de atención á diversidade aplicadas, do grao de cumprimento da programación, do aproveitamento dos recursos do centro, dos criterios de cualificación, das propostas de mellora ou do grao de desenvolvemento das competencias clave.

6.4.6. Instrumentos de avaliación.

Queda a criterio dos departamentos e o profesorado o emprego de distintas técnicas e instrumentos de avaliación co obxecto de determinar da forma máis obxectiva posible o progreso do alumnado no seu proceso de ensino aprendizaxe. Con independencia de que o profesorado opte por técnicas cualitativas ou cuantitativas, estas deberán figurar nas correspondentes programacións didácticas. Neste senso, poderanse empregar:

- Probas ou exames escritos. Nelas deberá constar a puntuación que recibe cada pregunta.
- Probas orais para valorar o grao de fluidez na exposición de traballos e nivel de competencias.
- Probas interactivas a través da Aula virtual.
- Probas de competencias cunha estrutura similar ás probas de diagnóstico.
- Control de actividades escritas (tarefas realizadas dentro e fora da aula, cadernos de traballo, producións individuais e colectivas, informes de actividades experimentais, diarios e portafolios).
- Anotación e control do grao de consecución de competencias.

- Anotación e rexistro das actividades realizadas.
- Anotación e control de actividades realizadas en formato dixital.
- Rexistros de observación sobre o interese, participación, compromiso, esforzo, traballo, e intervencións manifestado polo alumnado na aula.
- Formularios de seguimento e control do traballo en grupo ou equipo, da aprendizaxe cooperativa, e das etapas, tarefas e produtos do traballo por proxectos.
- Anotación de datos da condutas, asistencia, corrección no trato con todos os membros da comunidade educativa, coidado do material propio e alleo das aulas e das instalacións do centro.
- Utilización de rúbricas para a avaliación de tarefas, produtos, proxectos...
- Uso de portafolios como estratexias de reflexión, seguimento e avaliación do proceso de aprendizaxe.
- Probas de coavaliación e autoevaluación do alumnado.

6.4.7. Reclamación ás cualificacións.

Segundo o Real decreto 732/1995, o alumnado e os seus representantes poderán reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación se adopten ao rematar a avaliación ordinaria de xuño ou a extraordinaria de setembro. A dita reclamación deberá basearse na inadecuación da proba proposta ao alumnado en relación cos obxectivos ou contidos da área ou materia sometida a avaliación, inadecuación das probas propostas ao nivel previsto na programación ou incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos. En todo caso, acatarse a normativa que regula as reclamacións ou as disposicións que establece a administración educativa,

- Conforme o establecido no artigo 13 do Real decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e os deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros, os alumnos e as alumnas, no caso de seren maiores de idade, ou os seus pais e as súas nais, así como os seus representantes legais, no caso de non selo; poderán reclamar ante a dirección do centro as decisións e as cualificacións que se adopten como resultado dos procesos das avaliacións finais.
- O alumnado poderá reclamar as cualificacións finais de xuño ou setembro segundo se estable nos artigos 3 e 4 da orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento dos alumnos de ESO e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
 1. O alumnado ten que presentar a reclamación por escrito nun prazo máximo de dous días, dende o momento no que se entregasen as cualificacións, ante a dirección
 2. A dirección enviará a reclamación ao departamento correspondente. O departamento emitirá un informe ratificando ou rectificando a cualificación que se achegará á resolución da dirección no prazo de dous días.
 3. De non estar conforme poderá reclamarse ante a dirección no prazo de tres días para que o tramite ante a Xefatura territorial que terá 15 días para responder.
- As reclamacións contra as cualificación nos ciclos formativos faranse segundo á Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. No artigo 45 da mesma, establécense os motivos das reclamacións, procedementos e prazos. No caso de ciclos formativos de 2.000 horas de duración, o dereito de reclamación será extensivo a aquelas avaliacións parciais en que se propoña o acceso á realización do módulo de formación en centros de traballo en período ordinario, logo de finalizada a docencia dos módulos de formación no centro educativo.
- Con carácter xeral, e sempre que non entre en contradición coa normativa superior, establécense os seguintes procedementos e prazos para a formulación de reclamacións e tramitación das mesmas.
 - a. A reclamación presentárase por escrito ante a dirección do centro, no prazo máximo de dous días lectivos contados desde o día seguinte a aquel en que se produza a comunicación da cualificación final ou parcial.
 - b. O director ou a directora do centro trasladará a reclamación ao departamento correspondente para que emita o oportuno informe, no cal deberá formularse proposta de ratificación ou

rectificación na cualificación outorgada. Logo de recibido o dito informe, o director ou a directora do centro emitirán resolución ao respecto. Este proceso estará rematado nun prazo máximo de cinco días naturais, incluída a comunicación ao alumnado, contados a partir do seguinte ao da presentación da reclamación.

- c. Contra a resolución do director ou da directora do centro, a persoa solicitante poderá presentar recurso de alzada perante o xefe ou a xefa territorial nos termos que estableza a normativa.
- No caso de existir unha normativa específica dependendo do tipo de ensinanza os procedementos e prazos quedarían subordinados á normativa correspondente.

6.5. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

Segundo a resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establécese que as programacións didácticas se elaborarán conforme ao artigo 13 da norma.

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.
2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado compoñente do departamento.
3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:
 1. Introducción e contextualización.
 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
 4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - a. Temporalización.
 - b. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - c. Procedementos e instrumentos de avaliación.
 5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
 10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
 12. Medidas de atención á diversidade.
 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
 14. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

6.6. Elementos transversais e educación en valores.

A modo de resumo, podemos dicir que os elementos transversais dan resposta á propia Constitución, ás demandas sociais producidas por certos desequilibrios existentes na nosa sociedade e á necesidade dun marco ético e unha educación en valores na que se eduque aos futuros cidadáns de forma responsable e construtiva. Son contidos de ensino e aprendizaxe que pola súa relevancia formativa non poden confinarse no ámbito dunha

determinada materia, senón que deben ser obxecto de tratamento en todas ou nunha pluralidade delas. Trátase pois, de contidos que se van desenvolver "a través de" actividades que o alumno realiza no centro escolar. Poderíamos dicir de forma sintética que no transversal cabe todo aquel tipo de contidos e procesos formativos non facilmente incluíbles nunha área ou disciplina convencional, senón que precisan para o seu desenvolvemento da colaboración coordinada de varias ou todas elas.

Desta maneira os elementos transversais deben ser considerado como contidos prescriptivos que empapan toda o labor educativa e iso require que sexan asumidos polo conxunto dos ensinantes e que estean presentes en gran parte dos contidos educativos. Ademais, son transversais porque transcenden o estricto marco curricular e deben impregnar a totalidade das actividades do centro. A inclusión dos temas transversais na programación persegue conseguir a formación integral do alumno.

Compre recordar que os elementos transversais tamén se poderán desenvolver aproveitando a celebración de determinadas datas conmemorativas como establece o orde de calendario escolar de cada curso.

O decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 4 a necesidade de considerar unha serie de elementos transversais ao currículo.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

6.6.1. Incorporación da educación en valores.

O Instituto é un axente socializador e reproduutor dos valores presentes na sociedade e, polo tanto, debe destinar un espazo para a educación en valores. Nese sentido a educación en valores abarcará á dimensión persoal do alumnado e as súas relacións co mundo exterior. Deste xeito, os valores cos que o centro se identifica son os seguintes:

- Respecto aos demais e a súa diversidade. Respecto pola diversidade física e psíquica, á doutras culturas, pluralismo, rexeitamento de calquera tipo de discriminación por raza, relixión, clase social ou calquera outra.
- Paz, entendida como o rexeitamento dos comportamentos violentos, o uso do diálogo e o establecemento de normas de convivencia consensuadas.
- Tolerancia, como capacidade de aceptar e respectar as ideas e opinións distintas das propias.
- Igualdade, no sentido de rexeitamento das actitudes de discriminación por razóns de sexo, relixión, ideas, etc., e respecto dos dereitos das persoas.
- Solidariedade, compartindo as responsabilidades na procura do interese común.
- Cooperación, fomentando o traballo coordinado e en equipo na procura dun obxectivo común.
- Autonomía na toma de decisións, como capacidade de adoptar decisións e actuar de forma coherente en situacións diversas.
- Liberdade de conciencia, de pensamento, de elección, de estilo de vida.
- Responsabilidade e autonomía persoal ou capacidade de responder dos actos propios e cumprir as obrigas, tanto individuais como colectivas.
- Solidariedade activa ou convicción de que a axuda aos demais debe plasmarse en actuacións concretas e nun compromiso social e persoal.
- Colaboración e cooperación vinculada ao traballo en equipo, no que tamén estarán activos outros valores como a comprensión das necesidades e singularidades das persoas, o recoñecemento e a posta en valor dos compañeiros, o respecto ao traballo alleo e a responsabilidade.
- Decoro persoal, que se incorporará ás materias correspondentes cos fundamentos da importancia da hixiene, tanto no aspecto individual como no social.
- Conciencia ecolóxica que valore a limitación dos recursos naturais.
- Educación para o consumo e para a saúde, que se resaltará nas materias correspondentes cos fundamentos dunha alimentación saudable e dun beneficioso exercicio.

6.7. Liñas xerais de atención á diversidade.

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

6.8. Programas educativos.

O título III do decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que os centros desenvolverán uns programas educativos para fomentar o emprego da biblioteca escolar, da educación dixital e da promoción dos estilos de vida saudables.

6.8.1. Biblioteca escolar e lectura.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regula no seu artigo 38 as bibliotecas escolares e lectura.

Artigo 38. Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da

lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.
3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.
4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Toda a regulación relativa a biblioteca escolar que se recolle neste PEC queda supeditada ás instrucións que adoita publicar anualmente publica a Consellería no marco do o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros non universitarios.

6.8.1.1. Equipo da biblioteca.

De acordo coa lexislación vixente no instituto funciona un Equipo da Biblioteca composto por un Coordinador do Equipo e unha serie de profesores que colaboran no desenvolvemento das actividades ou realizan gardas.

Co obxectivo último de que o alumnado acade satisfactoriamente as competencias en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, e cultural e artística, consideramos que a Biblioteca Escolar debe perseguir os seguintes obxectivos xerais do plan LIA 2016/2020 de bibliotecas escolares para a Lectura, a información e a Aprendizaxe:

- Dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Conseguir melloras significativas na “comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica” en toda a poboación escolar galega.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuir a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Facilitar ao profesorado recursos, servizos e oportunidades para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integracións das tecnoloxías emerxentes.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, de forma que aproveiten os espazos, recursos e servizos para a vivencia dos valores de cidadanía e para a construción do coñecemento individual e compartido.

6.8.1.2. Organización da biblioteca.

A organización da biblioteca e distribución de espazos.

- a. Espazo multimedia para consulta e información. Dispón de ordenadores con conexión a Internet.
- b. Zona de lectura e traballo en grupo dotado de mesas grandes para traballo e lectura individual.
- c. Punto de lectura. Dotado de butacas, prensa diaria e publicacións periódicas.
- d. Zona de xestión da biblioteca. Catalogación, rexistro, servizo de préstamo.

6.8.1.3. Prioridades de actuación.

Neste sentido, o uso da biblioteca é un recurso educativo imprescindible na procura dos obxectivos da etapa, sendo importante promover o acceso da comunidade educativa aos recursos depositados nela. Polo tanto, serán actuacións prioritarias:

1. Fomentar o uso da biblioteca escolar como recurso educativo.
2. Promover o gusto pola lectura.
3. Dotar á biblioteca con fondos actualizados.
4. Formación de usuarios e educación documental.
5. Facilitar o acceso aos servizos da biblioteca a través da súa páxina web (<http://espineira.es/biblioteca/>).

A organización e funcionamento das bibliotecas escolares rexirase polas instrucións anuais que, a principio de curso, establece a administración educativa.

As funcións desta dinamización están recollidas no artigo 10º da devandita orde:

1. Elaborar, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio, o Plan de Traballo Anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
4. Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións.
5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
6. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
7. Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
9. Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
10. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

Os recursos da biblioteca están sendo rexistrados en soporte informático empregando o "Proxecto Meiga". Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados exclusivamente a través desta aplicación informática.

Calquera outra consideración sobre a biblioteca escolar que non quedase reflectida neste proxecto educativo será definida e concretada no Plan de Traballo Anual da Biblioteca a biblioteca escolar que elabora cada curso a coordinadora (para máis información, consultar o documento específico).

6.8.1.4. Proxecto lector.

O decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no anexo V que os centros educativos deberán elaborar o proxecto lector e incluílo no seu proxecto educativo.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

De maneira similar, o artigo 38 do decreto 86/2015, relativo a bibliotecas escolares e lectura, establece que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Este proxecto lector será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

6.8.2. Tecnoloxías da información e a comunicación.

6.8.2.1. Marco normativo.

O artigo 69 da LOMCE establécese que:

- Punto 2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por isto deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, aos contornos de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes en que estuden, tendo en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas e con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual.
- Punto 5. Promoverase o uso, por parte das administracións educativas e os equipos directivos dos centros, das tecnoloxías da información e a comunicación na aula, como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe.

O decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, regula no anexo VI o Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación, establecendo que a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación a nivel de centro e de aula coa participación activa de todo o equipo docente que, unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á memoria deste. Na actualidade este plan esta pendente de elaboración.

Finalmente, o decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regula no seu artigo 39 a Educación dixital como un dos programas educativos a desenvolver no centro:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.
4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

6.8.2.2. Dotación tecnolóxica do centro.

- Unha rede de alta velocidade conectada a internet.
- Dúas aulas de informática. Unha para ESO e Bacharelato dotada con 20 equipos e outra para Formación Profesional dotada con 25 equipos.
- Todas as aulas do centro posúen un proxector.
- Sala de audiovisuais con ordenador e proxector.
- 220 ordenadores.
- O IES Espíneira dispón de páxina web (<http://www.espineira.es>), Facebook (IES Espíneira) e Twitter (IES Espíneira) no que se vai informando das actividades nas que participa o centro.
- O IES Espíneira dispón de aula virtual en moodle na que unha parte do profesorado publica contidos ou exercicios.
- O feito de impartir ciclos formativos que requiren de moitos equipos informáticos obrigounos a externalizar o servizo de mantemento e a contratar unha empresa que se puidera encargar de arranxar e manter o equipamento informático do centro.

6.8.2.3. Prioridades na dinamización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

As tecnoloxías da información e a comunicación constitúen unha ferramenta básica na procura de información e na comunicación das ideas, é por iso que serán obxectivo prioritarios:

- Impulsar o uso das TIC entre a comunidade educativa
- Desenvolver unha actitude activa e responsable no alumnado cara as TIC.
- Colaborar na formación do profesorado no uso didáctico das TIC.
- Dotar e renovar as aulas do equipamento TIC necesario.
- Impartir anualmente cursos de prevención sobre os riscos na rede (redes sociais, ciberacoso, ...).
- Priorizar o emprego de software libre e priorizar a utilización de formatos abertos.
- Posta a disposición da comunidade educativa dunha guía de estilos para a elaboración da documentación oficial do centro (informes, memorias, comunicacións internas e externas, documentos do centro, ...).
- Creación de contas individuais para a utilización dos ordenadores que nos garante a integridade e seguridade, así como a centralización do almacenamento da información dos usuarios e usuarias.

6.8.2.4. Potenciación das canles de comunicación.

A comunicación e coordinación entre todos os membros da comunidade educativa resulta prioritario para o profesorado xa que redonda nun bo funcionamento do centro. Por iso, máis aló das canles tradicionais de comunicación, fomentaranse especialmente a participación e comunicación mediante a paxina web e o Facebook

do centro, así como de SMS. O centro tamén ha valorar a utilización da aplicación abalar móbil para facilitar o acceso das familias á información relativa aos seus/súas fillos/as.

Por unha banda, a efectos de facilitar a recopilación de información sobre o alumnado e a súa transmisión ás familias, potenciárase o emprego dos formularios de google Drive elaborados polo centro.

Neste mesmo senso, a aula virtual, continuará a ser o mecanismo privilexiado para a comunicación pedagóxica entre o profesorado e o alumnado.

Calquera outra consideración sobre as tecnoloxías da información e a comunicación do centro que non quedara reflectida neste proxecto educativo será definida e concretada no Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación ou, mentres non se desenvolva, nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (para máis información, consultar o documento específico).

6.8.3. Promoción de estilos de vida saudable.

O decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 40 a necesidade de promocionar os estilos de vida saudable

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.
2. Os centros docentes desenvolverán medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.
3. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou a especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

6.8.3.1. Recreos activos.

O IES Espíneira desenvolverá durante os recreos, e baixo a supervisión do departamento de educación física, un programa de actividade física orientado á práctica deportiva

O obxectivo principal deste plan é fomentar nos nosos alumnos a práctica de actividade física durante os período de lecer favorecendo, ademais, a súa socialización fora da aula. As intervencións consistiran en:

- a. Ter a disposición do alumnado dúas mesas de ping-pong.
- b. Facilitar ao alumnado o material necesario para a práctica deportivo nos patios (balóns e raquetas).
- c. Abrir o ximnasio durante os recreos, establecendo quenda de uso, e supervisar as actividades.
- d. Organizar en colaboración co alumnado campionatos deportivos durante o curso e actividades lúdica durante as conmemoracións.
- e. Coordinar, dirixir e supervisar as actividades físico-deportivas durante o tempo de lecer.
- f. Dotar ao centro de material, equipamento e instalacións para a práctica de xogos populares (billarda, chave, rá).
- g. Practicar o diálogo e a empatía en caso de conflito persoal ou grupal no terreo de xogo.
- h. Adherirse ás campañas de oferta de froita ao alumnado.
- i. Implicación do profesorado nas actividades físicas nas que participan os seus alumnos (torneos e campionatos)
- j. Fomentar o emprego da bicicleta como medio de transporte, desenvolver actividades de Educación vial e poñer en marcha os "itinerarios seguros" para vir ao instituto en bicicleta.

6.9. Seccións bilingües.

Segundo a orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha materia non lingüística que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe, dentro do enfoque de aprendizaxe integral de contidos e linguas: na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente,

e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea. A incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50 por cento.

Poderá acceder ás seccións bilingües o alumnado matriculado en calquera dos cursos das etapas para os cales o seu centro estea autorizado. Esta iniciativa empezou a desenvolverse o curso 2017-2018 na materia de Educación Física que se imparte en Francés e pretende facerse extensiva a outras materias e idiomas no futuro.

A lingua estranxeira é a clave para acceder a un maior coñecemento. A importancia non está unicamente na lingua en si mesma senón na capacidade de transmitir e comunicar coñecemento. Neste sentido os obxectivos máis importantes do ensino bilingüe son:

- Na lingua: a mellora da competencia lingüística dos alumnos e alumnas.
- Na cultura: contacto con outras culturas e realidades para espertar o seu interese.
- No coñecemento: aumento das capacidades xerais de aprendizaxe a través do ensino e aprendizaxe de idiomas.

Dentro do traballo por competencias a Competencia Lingüística ocupa un lugar destacado na sección bilingüe pero non podemos esquecer as outras competencias como o tratamento da información e a competencia dixital así como a competencia de aprender a aprender e a autonomía e iniciativa persoal.

Aínda que a incorporación do IES Espíneira á sección bilingüe é recente non se descarta que no futuro poidamos, en colaboración con outros departamento, incorporarnos á rede de centro plurilingües (Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros na Rede de Centros Plurilingües de Galicia).

Seccións bilingües impartidas na actualidade:

Materia	Curso	Idioma
Educación física	1º ESO	Francés

6.10. Convivencia escolar.

O artigo 11 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar delimita as responsabilidades do centro na elaboración do plan de convivencia:

1. O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
2. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
3. O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.

Segundo as necesidades detectadas a través das distintas ferramentas para o estudo da convivencia escolar (cuestionario de convivencia, informe do departamento de orientación, informes médicos, ...) poderán desenvolverse os seguintes protocolos, plans e instrucións ao abeiro da estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 a efectos de garantir un adecuado tratamento á diversidade.

- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos
- Protocolo de identidade de xénero
- Protocolo de protección de datos

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario
- Protocolo de atención educativa domiciliaria
- Protocolo de urxencias Sanitarias
- [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.](#)

Calquera outra consideración sobre a convivencia escolar que non quedara reflectida neste proxecto educativo será definida e concretada no Plan de convivencia do centro (para máis información, consultar o documento específico).

6.11. Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

A atención ao alumnado repetidor deberá facer segundo o establecido no artigo 23 do decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este artigo establece que as repeticións se farán de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas e que estas medidas deberán ir acompañadas dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

Para unha correcta atención do alumnado repetidor cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

1. Ao comezo de curso comunicárase ao profesorado do curso actual a relación de materias que o alumno non deu superado o curso anterior e motivaron que permanecera un máis no mesmo curso, para que faga un especial seguimento das materias nas que presentou máis dificultades.
2. Farase entrega dos respectivos consellos orientadores do alumnos correspondentes e a memoria de titoría do curso pasado.
3. Entrevista persoal con alumnado e colaboración co departamento de orientación.
4. Avaliación inicial.
5. Análise da información.
6. Establecemento das medidas de atención á diversidade (apoio, reforzo educativo, adaptación curricular) que o profesorado estimase oportunas.
7. Seguimento deste particular a través das reunións cos titores ou entrevista co orientador.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade recolle os aspectos máis importantes a ter en conta nos casos en que algún alumno/a repita curso e as medidas que se poden establecer dende a titoría ou o propio profesorado.

Conscientes do carácter multifactorial do fracaso escolar, consideramos que estas medidas deberán ir acompañadas de estratexias que reduzan as baixas expectativas académicas deste tipo de alumnado, aumente a participación nas actividades ordinarias, favoreza os hábitos de traballo, aumente o seguimento das tarefas escolares no ámbito familiar e reduza o absentismo escolar.

6.12. Plans específicos para o alumnado con materias pendentes.

Ao comezo de curso comunicárase aos departamentos a relación de alumnado con materias pendentes.

Consonte aos acordos acadados na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 8 de marzo de 2013, establécese que a efectos de estandarizar a presentación do Plan de Recuperación de Pendentes e facilitar a transmisión de información aos alumnos e ás familias, os departamentos dispoñen dun [modelo de Plan de Recuperación de Pendentes](#) que o profesor titular, por delegación do departamento, deberá facer chegar ás familias.

Neste Plan de Recuperación de Pendentes, figuran aspectos como as datas dos exames trimestrais, hora de atención ao alumnado, formas de seguimento, datas de entrega dos traballo, profesor responsable, etc.

6.13 Criterios para a concesión da matrícula de honra⁵.

⁵ O apartado 6.13 foi incorporado tras información positiva do claustro e valoración positiva do consello escolar o día 27 de xuño de 2019.



- Alumnado que teña a media máis alta por riba de 9.
- En caso de empate: o alumnado que teña máis materias con 10 en 4º de ESO e 2º de

Bac.

- En caso de empate:
 - alumnado de ESO. O que teña máis materias puntuadas con 10 en 3º ESO.
 - alumnado de 2º BAC. O que teña mellor media en 1º e 2º Bac.

7. DOCUMENTOS DO CENTRO.

Os diferentes documentos organizativos do centro están a disposición do profesorado na páxina web do centro e na secretaría do centro para a súa consulta.

- Plan de Acción Titorial (aprobado o 27/3/2015)
- Plan de convivencia (aprobado o 28/1/2015)
- Plan Xeral de Atención á Diversidade (aprobado 8/4/2016)
- Normas de Organización e Funcionamento (aprobado o 23/10/2017)
- Plan de emerxencia (elaborado en decembro de 2013)
- Proxecto Lingüístico de centro (aprobado o 30/6/2017)

DOCUMENTO DO CENTRO	NORMATIVA	RESPONSABLE	Proceso Estado
Proxecto educativo	D 324/1996, Art 90 O 1/8/1997, Art 32 D 86/2015, Art 5	Equipo directivo	En vixencia
Normas de Organización e Funcionamento	D 324/1996 O 1/8/1997 L 4/2011 D 8/2015	Equipo directivo	En vixencia
Plan de convivencia	L 4/2011 D 8/2015	Equipo directivo	En vixencia
Plan Xeral de Atención á Diversidade	D 229/2011	Equipo directivo	En vixencia
Plan de Acción Titorial	D 229/2011	Equipo directivo	En vixencia
Plan de Emerxencia		Elaboración externa	En vixencia
Proxecto Lingüístico	D 79/2010, Art 14	Equipo directivo	En vixencia (ata 30-06-2021)
Plan Anual de dinamización da LG	D 79/2010, Art 15	Coordinador/a	En vixencia
Programación da biblioteca escolar	D 86/2015, Art 38	Coordinador/a	En vixencia
Plan de integración das TIC Proxecto de educación dixital	D133/2007, An VI D 86/2015, Art 39	Coordinador/a	Pendente
Proxecto lector / Plan Anual de Lectura	D133/2007, An V D 86/2015, Art 38	Equipo directivo	En vixencia
Sección bilingüe (Francés)	O 12/5/2011	Coordinador/a	En vixencia

8. REVISIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

Lexislación vixente.

Segundo o artigo 36 da orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES, as propostas de modificación do proxecto educativo, resultados da avaliación anual, poderán ser feitas polo equipo directivo, polo claustro de profesores/as ou por calquera outro dos sectores representados no consello escolar. Unha vez presentada a proposta, o director fixará un prazo de polo menos un mes para o seu estudo por todos os membros do consello escolar. A proposta de modificación poderá ser aprobada polo dito consello no terceiro trimestre do curso e entrará en vigor ao comezo do curso seguinte.

Segundo o artigo 132 apartado I da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, é competencia do director/a a aprobación do proxecto educativo.

Proceso de revisión do proxecto educativo.

1. Calquera membro da comunidade educativa poderá solicitar, en calquera momento, a revisión do proxecto educativo. Os pais/nais e os/as alumnos/as mediante os seus representantes no consello escolar e/ou mediante petición expresa ao equipo directivo. Os/as profesores/as mediante petición expresa ben en reunión ordinaria do claustro de profesores/as, ben mediante escrito ao director/a do centro.
2. En todo caso, a solicitude de revisión concretará os puntos do proxecto educativo a modificar e será acompañada dunha redacción alternativa dos mesmos.
3. O equipo directivo informará ao claustro de profesores/as da proposta/s de modificación.
4. Oído o claustro, a proposta de modificación será levada ao consello escolar, que a valorará positiva ou negativamente.
5. Finalmente compete ao director/a a aprobación ou non de dita proposta. En caso de que a decisión do/a director/a sexa contraria ao sentir do claustro e/ou á valoración do consello escolar, esta deberá ser motivada.

Aspectos a ter en conta á hora de revisar o proxecto educativo.

A comunidade educativa que conforma o IES Espíneira considera que:

1. A pesar das atribucións que a lexislación vixente concede ao/á director/a do centro (art. 132 da LOE modificado pola LOMCE), este/a nunca debería aprobar unha modificación do proxecto educativo sen contar co apoio do claustro de profesores/as e do consello escolar.
2. A pesar de que a entrada en vigor das modificacións está suxeita ao disposto na lexislación vixente, o equipo directivo debería, na medida das posibilidades, interpretar e aplicar as disposicións do proxecto educativo tendo en conta as modificacións xa aprobadas.

Lémbrese que este proxecto educativo queda supeditado ao que estableza calquera disposición, norma, orde ou lei de rango superior que entre en vigor con posterioridade á súa aprobación.

8.1. Formulario de revisión ou alegacións.

A efectos de organizar a recollida de suxestións ou alegacións ao proxecto educativo do centro, establécese o seguinte procedemento. As alegacións dirixiranse por escrito ao director do centro e deberán ter en conta os seguintes aspectos:

- Identificación do membro da comunidade educativa que presenta as alegacións.
- Mención do parágrafo obxecto de discusión facendo mención expresa da páxina e liñas.
- Proposición dun texto alternativo (supresión, engadido ou modificación do artigo).
- Argumentación ou exposición motivada que xustifica a modificación do proxecto educativo.
- Entregar por rexistro.

8.2. Avaliación do proxecto educativo.

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será avaliado e valorado na Memoria Anual de Centro, coa fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións que a comunidade educativa, a través do Consello Escolar, considere oportunas. Estas modificacións incluíranse ao curso seguinte na Programación Xeral Anual.

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

A presente actualización do proxecto educativo do IES Espíneira de Boiro, realizouse tendo en conta a lexislación vixente aplicable no momento da súa aprobación, xuño de 2018, nomeadamente a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e o desenvolvemento normativo posterior da mesma.

O desenvolvemento deste proxecto educativo queda supeditado á aplicación da lexislación educativa de rango superior que puidese establecer no futuro a administración competente en materia de educación e a transposición que da aplicación das mesmas o noso centro fixera á comunidade educativa.

No exercicio das súas funcións, e unha vez que o proxecto educativo foi avaliado favorablemente polo Consello Escolar do centro o día 29 de xuño de 2018, o director do IES Espíneira acorda dar o seu visto e prace ao seguinte proxecto educativo e resolve aprobar o mesmo.

En cumprimento do artigo 121 da LOMCE, o director do IES Espíneira acorda facer público co proxecto educativo do centro con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Para que así conste.

Asina, o director do IES Espíneira de Boiro.

Lorenzo Fraga Montero
Boiro, a 14 de setembro de 2018.